DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 2 de outubro de 2026

**RPT-6654235

RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 2 DE OUTUBRO DE 2026.

***Declaración institucional da Deputación Provincial da Coruña ante a situación que atravesa Ceuta**

***Declaración institucional en apoio ás familias CUME**

Información e actividade corporativa

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2026, de 18 de setembro.

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 14 de setembro ao 27 de setembro de 2026.

Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís

3. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á asociación Amigos da Ópera da Coruña para cofinanciar a realización da Tempada Lírica da Coruña 2026.

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Ferrol para cofinanciar a Programación lírica no Teatro Jofre no ano 2026.

5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Cee para cofinanciar o I Certame "Batallón Literario da Costa da Morte".

Comisión de Deporte

6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Federación Galega de Automobilismo para cofinanciar a adquisición de un autobús-oficiña para a realización de tarefas administrativas de control de tempos.

7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Federación Gallega de Balonmano para cofinanciar a organización da Proba balonmán Praia Deputación da Coruña no 2026.

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

8. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Española Contra el Cáncer para o cofinanciamento do Proxecto Rede de Concellos Contra o Cancro da Provincia da Coruña e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

9. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

10. Aprobación da transmisión gratuíta da titularidade demanial dun treito de estrada DP 1503 - PERLÍO A LAVANDEIRA, tramo da DP1503 do núcleo urbano do municipio de Fene, rúa da Fraga, que se estende dende o PK 0 ata o cruce coa estrada N-651, a favor do Concello de Fene, incluído o solo, as construcións e tódolos elementos funcionais que formen parte da citada vía.

11. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de Pontedeume para as obras de reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social en Vizús, Pontedeume, ata o 31 de outubro de 2027.

12. Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santa Comba polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de mellora da pavimentación do viario Os Amezóns-Portochán-Carboeiro".

13. Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da "Consolidación das edificacións "Lagar, Vivendas e Cabalarizas" no entorno patrimonial do Pazo de Goyanes".

14. Aprobación do texto e da formalización do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de construción do mercado municipal de abastos en Bertamiráns, Ames".

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Interiores en Maxide e outros", do Concello de Lousame incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 co código 2026.2100.0053.0 levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento dos camiños municipais na parroquia de Xornes: Camiño en Froxán e camiño en Viladesuso", do Concello de Ponteceso incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0696.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viais nas parroquias de Cumbraos (Igrexa de Cumbraos) e Porta (A Porcariza)", do concello de Sobrado incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0297.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

18. Dación de conta da Resolución da Presidencia núm. 34.952 con data 03/08/2026 pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2027.

19. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a agosto de 2026.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

20. Aprobación da prórroga do convenio co Concello de Mazaricos para o financiamento do proxecto "Acondicionamento da senda do Xallas".

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

21. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE VIMIANZO para o financiamento do proxecto "II FORO DE LIDERADO FEMININO NO RURAL, ALZA VOZ DE MULLER", no marco do Plan de Emprego Local, PEL, na anualidade 2026.

22. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE INSTALADORES DE FONTANERÍA, GAS, CALEFACCIÓN E CLIMATIZACIÓN E AFÍNS DA PROVINCIA DA CORUÑA, para financiar o proxecto "CAMPAÑA CIDADÁ PROVINCIAL SOBRE SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS", anualidade 2026.

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

23. Modificación do Acordo plenario número 33 de data 31 de xullo de 2026 polo que se aproba Proxecto Mellora capa de rodadura con mezcla bitumiosa en quente DP 3403 da AC-552 a Vilarmide por Senande Punto quilométrico 0+000 ao 3+700 (Dumbría e Muxía).

24. Aprobación do proxecto de obra Senda Peonil en Oza, na DP 1902 Carballo a Razo, pq 3+000 e pq 5+000 (Carballo).

25. Aprobación técnica do proxecto da obra "Ampliación e mellora da seguridade viaria na estrada DP 5002 da Pila da Leña a Lagares - Fase I. Punto quilométrico 3+600 a 6+100 (Monfero)".

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

1. Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG sobre o canon da auga

ROGOS E PREGUNTAS

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 2 de outubro de 2026.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 2 de outubro de 2026, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Sol Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de la Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don Jorge Boado Presas	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Don Rubén Suárez Carballo	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:05 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

Sr. Presidente

Moi bo día. Empezamos con dúas declaracións institucionais. A primeira, ante a situación que atravesa Ceuta.

Sr. Secretario

Declaración institucional da Deputación Provincial da Coruña ante a situación que atravesa Ceuta

Desde o Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña queremos expresar a nosa preocupación pola grave situación que atravesa actualmente a cidade autónoma de Ceuta tras a entrada masiva de millares de persoas a finais de xullo, cun impacto de seguridade, humanitario e de convivencia sen precedentes.

Estamos ante un fenómeno complexo que require unha resposta firme, coordinada e responsable por parte das distintas administracións públicas, tanto no ámbito autonómico, estatal e europeo. A dimensión da situación esixe garantir a seguridade e a adecuada xestión dos recursos públicos, pero tamén actuar desde o respecto absoluto á dignidade humana e aos dereitos fundamentais de todas as persoas.

A realidade que vive Ceuta non pode entenderse unicamente desde unha perspectiva fronteiriza. Trátase tamén dunha emerxencia humanitaria que pon de manifesto as consecuencias dos conflitos, da pobreza, da desigualdade e da falta de oportunidades que padecen miles de persoas que se ven obrigadas a abandonar os seus lugares de orixe. Detrás de cada chegada hai historias persoais marcadas pola vulnerabilidade, a incerteza e a procura dun futuro mellor.

Nesta liña, o Papa León XIV referiuse recentemente á situación de Ceuta cualificándoa como «unha verdadeira crise humanitaria» e sinalou a necesidade de «buscar como responder para evitar este tipo de emerxencias», facendo un chamamento á comunidade internacional para promover solucións baseadas na xustiza, a estabilidade e a protección da dignidade humana.

Queremos trasladar o noso apoio á cidadanía de Ceuta, aos seus servizos públicos, ás organizacións sociais e ás persoas que están traballando para atender esta situación excepcional. O esforzo que están a realizar merece o recoñecemento e o respaldo do conxunto das institucións.

Ao mesmo tempo, consideramos imprescindible que as administracións competentes adopten medidas efectivas e coordinadas que permitan dar unha resposta ordenada a esta situación, reforzando os recursos dispoñibles, garantindo a atención humanitaria necesaria e preservando a convivencia e a cohesión social.

Desde a Deputación Provincial da Coruña reafirmamos o noso compromiso coa defensa dos dereitos humanos, da solidariedade e da convivencia democrática, así como o noso rexeitamento a calquera manifestación de odio, racismo ou xenofobia. Os grandes desafíos do noso tempo requiren respostas baseadas na cooperación, na responsabilidade compartida e no respecto á dignidade de todas as persoas.

A Deputación Provincial da Coruña expresa a súa solidariedade coa cidadanía de Ceuta

e fai un chamamento a todas as institucións para actuar con altura de miras, responsabilidade e compromiso ante unha situación que interpela aos valores fundamentais da nosa sociedade.

Sr. Presidente

Seguinte declaración: de apoio ás familias CUME que coidan de fillos con cancro ou outra enfermidade grave, para garantir a continuidade da súa protección e coidados.

Sr. Secretario

Declaración institucional en apoio ás familias CUME

A prestación económica por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave, coñecida como prestación CUME, constitúe un dos principais instrumentos de protección para aquelas familias que deben reducir de xeito significativo a súa actividade laboral para atender de forma directa, continua e permanente a un fillo ou filla afectado por unha enfermidade grave.

A súa finalidade é compensar parcialmente a perda de ingresos que sofre quen se ve obrigado a reducir a súa xornada laboral para poder coidar. Non falamos, por tanto, unicamente dunha prestación económica. Falamos de permitir que unha nai ou un pai poidan permanecer ao lado do seu fillo cando máis o necesita sen verse obrigados a elixir entre coidalo ou manter a súa actividade profesional.

Actualmente, a prestación pode manterse ata os 23 anos cando persisten a enfermidade grave e as necesidades de coidado e ata os 26 anos cando, antes de alcanzar os 23, se acredita ademais un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

Con todo, permanece un problema fundamental: cumprir unha determinada idade non supón que desaparezan unha enfermidade grave, unha discapacidade, unha situación de gran dependencia nin a necesidade de coidados directos, continuos e permanentes.

Existen familias que, ao alcanzar os seus fillos os 26 anos, poden perder esta protección, aínda que as circunstancias que xustificaron o seu recoñecemento continúen existindo.

A esta cuestión súmanse outras demandas expostas durante os últimos anos polas familias e as entidades que as representan, que demandan reducir a excesiva burocracia; evitar diferenzas de criterio na xestión da prestación; adaptar a regulación a novas formas de asistencia como a hospitalización domiciliaria ou a atención ambulatoria especializada; favorecer a corresponsabilidade entre proxenitores; ou garantir que os avances en escolarización, autonomía ou integración social dunha persoa cunha enfermidade grave non terminen converténdose nun obstáculo para o mantemento da protección cando continúa existindo unha necesidade efectiva de coidados.

Durante 2026 esta realidade tivo un importante percorrido institucional e parlamentario.

O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións iniciou a tramitación dun novo Proxecto de Real Decreto para desenvolver o réxime xurídico da prestación CUME.

Así mesmo, o Pleno do Congreso dos Deputados debateu distintas iniciativas relacionadas coa mellora e continuidade da prestación CUME.

Posteriormente, durante a tramitación no Senado do Proxecto de lei de modificación das leis de discapacidade e dependencia, incorporouse un conxunto amplo de melloras relativas ás familias CUME.

Entre elas atopábanse a prórroga excepcional da prestación máis aló dos 26 anos para situacións de discapacidade igual ou superior ao 65% ou gran dependencia, grao III, cando continuasen existindo necesidades acreditadas de coidado; o recoñecemento da hospitalización domiciliaria e a atención ambulatoria especializada; unha maior corresponsabilidade entre proxenitores; criterios homoxéneos para as entidades xestoras e mutuas; medidas de simplificación administrativa; protección específica para traballadores autónomos e mecanismos para revisar a situación de quen perdese a prestación por alcanzar o límite de idade.

O Goberno vetou a tramitación de determinadas emendas baseándose nunha posible incidencia orzamentaria. O Senado rexeitou algunhas destas obxeccións ao considerar que non se xustificara suficientemente a súa afectación sobre o orzamento en vigor, incumprindo con iso a doutrina do Tribunal Constitucional nesta materia.

Finalmente, o 16 de setembro de 2026 o Congreso dos Deputados culminou a tramitación da reforma. Algunhas das melloras relacionadas coa CUME incorporadas polo Senado foron apoiadas. Con todo, a Mesa do Congreso acordou que non procedía someter a tramitación ante o Pleno algunhas delas, tras a desconformidade expresada polo Goberno, singularmente as contidas na emenda transaccional con nº de rexistro 90.682 que contemplaba as principais melloras, entre elas a prórroga excepcional da prestación máis aló dos 26 anos.

Por tanto, aínda que durante esta tramitación se produciron avances que deben ser recoñecidos e aplicados, continúa pendente unha cuestión esencial para moitas familias: garantir que a protección non desapareza unicamente por alcanzar unha determinada idade cando permanecen intactas a discapacidade ou a gran dependencia e, sobre todo, a necesidade acreditada de coidados.

As familias CUME necesitan unha regulación estable, clara e suficientemente garantista.

Por todo iso, o Pleno da Deputación da Coruña adopta os seguintes:

ACORDOS

PRIMEIRO. Manifestamos o apoio da Corporación Provincial da Deputación da Coruña ás familias beneficiarias da prestación por coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave (CUME), así como ás asociacións e entidades que as representan, recoñecendo a dedicación e especial intensidade dos coidados que prestan.

SEGUNDO. Instamos ao Goberno de España a promover con carácter urxente as modificacións lexislativas necesarias para permitir a prórroga excepcional da prestación e do correspondente permiso CUME máis aló dos 26 anos cando a persoa causante se atope en situación de discapacidade igual ou superior ao 65% ou gran dependencia, grao III, sempre que persista a convivencia co proxenitor ou coidador beneficiario, e continúen acreditándose a necesidade de coidado directo, continuo e permanente e se manteñan os restantes requisitos legalmente establecidos.

En todo caso, entenderase cumprido o requisito de convivencia cando a persoa beneficiaria resida temporalmente nun recurso residencial ou nunha vivenda con apoio en

réxime de estancia de respiro ou de curta duración, sempre que se manteña de forma continuada o exercicio efectivo do coidado.

TERCEIRO. Instamos ao Goberno de España a incorporar na lexislación reguladora da CUME unha adaptación da situación protexida á realidade asistencial actual, incluíndo, conforme a criterio médico, a hospitalización domiciliaria, a atención ambulatoria especializada ou outras modalidades equivalentes, que substitúan o ingreso hospitalario sen diminuír a intensidade dos coidados, así como medidas que permitan avanzar na corresponsabilidade dos coidados naqueles supostos de especial intensidade asistencial.

CUARTO. Instamos ao Goberno de España a garantir criterios comúns, públicos e homoxéneos para o recoñecemento, abono e xestión desta prestación da Seguridade Social, reforzando os mecanismos públicos de supervisión das mutuas colaboradoras coa Seguridade Social e asegurando que todas as resolucións respondan a unha valoración clínica e socioeconómica individualizada de cada menor e de cada unidade familiar, evitando diferenzas inxustificadas no recoñecemento, mantemento ou prórroga da prestación.

QUINTO. Instamos ao Goberno de España a desenvolver e facer efectivas as melloras relativas á prestación CUME aprobadas definitivamente durante a tramitación parlamentaria da reforma das leis de discapacidade e dependencia.

SEXTO. Instamos ao Goberno de España a establecer, no marco da modificación lexislativa correspondente, un procedemento que permita revisar a situación daquelas familias que perdesen a prestación exclusivamente por alcanzar o límite máximo de idade cando continúen concorrendo as circunstancias de discapacidade ou gran dependencia e as necesidades acreditadas de coidado.

SÉTIMO. Instamos ao Goberno de España a garantir o financiamento necesario para que calquera ampliación ou mellora da prestación CUME conte con respaldo orzamentario suficiente e poida aplicarse de forma estable e con plena seguridade xurídica.

OITAVO. Instamos ao Goberno de España a manter un diálogo permanente coas familias CUME, as asociacións que as representan, as organizacións de pacientes e de persoas con discapacidade e os profesionais implicados, co obxectivo de que calquera desenvolvemento normativo responda ás necesidades reais de quen recibe e presta estes coidados.

NOVENO. Instamos ao Goberno de España a impulsar unha revisión integral das políticas públicas dirixidas ás familias coidadoras, reforzando a coordinación entre os sistemas de sanidade, dependencia, discapacidade, conciliación, atención á infancia, atención ás persoas maiores e Seguridade Social, co obxectivo de ofrecer unha resposta máis coordinada, flexible e adaptada ás necesidades reais da cidadanía.

DÉCIMO. Instamos ao Goberno de España a simplificar os procedementos administrativos relacionados coa prestación CUME, promovendo a utilización da Historia Clínica Dixital do Sistema Nacional de Saúde, favorecendo a participación da Atención Primaria na emisión dos informes clínicos e reducindo as cargas burocráticas innecesarias para as familias.

DÉCIMO PRIMEIRO. Instamos ao Goberno de España a incorporar medidas que reforcen a seguranza xurídica das familias, garantindo procedementos de revisión máis

áxiles, mecanismos eficaces de recurso en vía administrativa, procedementos xudiciais preferentes para este tipo de prestacións, maior flexibilidade na redución de xornada e unha protección efectiva mentres existan recursos pendentes de resolución.

DÉCIMO SEGUNDO. Instamos ao Goberno de España a garantir que a valoración da necesidade de coidados se realice sempre de maneira individualizada, evitando interpretacións automáticas baseadas exclusivamente na idade da persoa causante, na súa escolarización, na utilización de novas tecnoloxías sanitarias ou na ausencia de ingresos hospitalarios recentes.

DÉCIMO TERCEIRO. Dar traslado dos presentes acordos ao Goberno de España, ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, ao Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2030, ao Ministerio de Sanidade, á Xunta de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Senado

Sr. Presidente

Imos coa orde do día.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 8/2026, de 18 de setembro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 8/2026, de 18 de setembro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia do 14 de setembro ao 27 de setembro de 2026.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia do 14 de setembro ao 27 de setembro de 2026.

3.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á asociación Amigos da Ópera da Coruña para cofinanciar a realización da Tempada Lírica da Coruña 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000017000 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Amigos de la Ópera de la Coruña polo que se

instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Tempada Lírica da Coruña do ano 2026, proponse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 15 de setembro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de 90.000,00 € á Asociación Amigos de la Ópera de la Coruña para cofinanciar a Tempada Lírica da Coruña do ano 2026, cun orzamento subvencionado de 481.745,00 €, de acordo co texto que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3343/481 do vixente orzamento xeral.

Quinto- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar *a realización da Tempada Lírica da Coruña 2026*

Na Coruña, a

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Don/a ---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ---------- en representación da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- No ano 1952 constituíuse a asociación Amigos da Ópera da Coruña, entidade de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades

que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

Para acadar estes fins realizaranse representacións de ópera, concertos, conferencias, exposicións, proxeccións e todas aquelas relacionadas cos fins da asociación.

O día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de Asociacións 191/64, aprobáronse os seus estatutos vixentes e, por acordo da Xunta Xeral do 18 de febreiro de 2003, adecuáronse ao modelo proposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

2.- Amigos da Ópera da Coruña, decana entre as asociacións españolas, goza dun enorme prestixio recoñecido por galardóns como o Premio de Honra da Lírica Española, que en 2018 concedéronlle por unanimidade todos os teatros e festivais de ópera estatais.

3.- As súas propostas atraen non só ao público galego senón ao resto de España e mesmo a nivel internacional, facendo da cidade da Coruña, e por extensión de toda Galicia, un escaparate musical de recoñecida tradición, vitalidade e actualidade musical, apoiado pola afluencia dun gran público fiel que asiste ás actividades que se realizan cada ano, esgotando as localidades, e constituíndo, por tanto, un reclamo turístico de primeira orde que se necesita apoiar.

A través da organización da Programación Lírica da Coruña, Amigos da Ópera brinda desde 1953 o espazo para canalizar esas actividades nun ámbito tan importante como o do xénero lírico, o principal das artes escénicas.

4.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades de promoción da ópera no ano 2026.

5.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da asociación Amigos da Ópera da Coruña co NIF G15037930, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial d***a realización da Tempada Lírica da Coruña 2026,*** coa seguinte programación

Ópera JENUFA de LEOŠ JANÁČEK

17 e 19 de setembro no Palacio da Ópera da Coruña, 19:00 h
Dirección escénica de Emiliano Suarez

Conferencia entorno á ópera Carmen

Por Julián Jesús Pérez Sala de prensa de Afundación (espacio cedido) 16 de setembro. 19:00h. Entrada libre ata completar aforo.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola asociación Amigos da Ópera da Coruña

A asociación Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Contratacións externas	
Cachés, persoal técnico de dirección e dirección artística, outros técnico	276.470,00
Compras de bens destinados á actividade	
Produción, escenografía	60.125,00
Alugueiro Palacio da ópera e local de ensaio	*92*.500,00
Publicidade	
Publicidade, marketing, audiovisuais, imprenta	16.250,00
Desprazamentos	
Gastos de viaxes e aloxamento	34.900,00
Seguros	1.500,00
Total	***481.745,00€***

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega en metálico, por importe máximo de **90.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **18,68208 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 18,68208 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que a asociación Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas dentro da Tempada lírica da Coruña 2026, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á asociación Amigos da Ópera da Coruña unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2026.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á asociación Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á asociación Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade

co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña de xeito telemático os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro

**RPT-6654235

órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á asociación Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da asociación Amigos da Ópera da Coruña, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuádruplo exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Ferrol para cofinanciar a Programación lírica no Teatro Jofre no ano 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000020926

sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación lírica no Teatro Jofre no ano 2026, proponse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 15 de setembro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 42.648,00 €, ao Concello de Ferrol para cofinanciar a Programación lírica no Teatro Jofre ano 2026 cun orzamento subvencionado de 53.310,00 €. de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201 do vixente orzamento xeral.

Quinto- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a Programación lírica no Teatro Jofre no ano 2026**

Na Coruña, a

Ante min,....., Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –----------en representación do Concello de Ferrol.

EXPOÑEN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

**RPT-6654235

2.- Que o Concello de Ferrol, desenvolve unha programación lírica extraordinaria no Teatro Jofre para o segundo semestre do ano 2026, consistente na representación das zarzuelas La Gran Vía e Doña Francisquita, así como da ópera La Flauta Mágica de Wolfgang Amadeus Mozart.

3.- Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción do deporte; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.

4.- Que, neste contexto, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar co Concello da Ferrol na súa Programación lírica no Teatro Jofre no ano 2026, mediante a concesión dunha subvención nominativa.

5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Ferrol acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Ferrol**, con CIF: P1503700E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar as representacións no ano 2026 que se indican deseguido:

- Ópera La Flauta Mágica de Wolfgang Amadeus Mozart
- Zarzuela Doña Francisquita
- Zarzuela La Gran Vía

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Ferrol.

O Concello de Ferrol desenvolverá as actividades programadas na cláusula anterior, cun orzamento de **53.310,00 €** que se desagrega do seguinte xeito:

Contratación externas (servizos de profesionais independentes)

Realización da ópera La Flauta Mágica	13.310,00 €
Realización da zarzuela Dona Francisquita	20.000,00 €
Realización da zarzuela La Gran Vía	20.000,00 €
Orzamento total	**53.310,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal

**RPT-6654235

como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **42.648,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ferrol obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Ferrol.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Ferrol, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a actividade subvencionada no ano 2026, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ferrol.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Ferrol unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa física que desempeñe a representación legal da persoa beneficiaria .

* **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos xustificados referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto. Este documento deberá ter o carácter de certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ferrol deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027.**

**RPT-6654235

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ferrol para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ferrol da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Ferrol.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Ferrol deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Ferrol destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Ferrol deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ferrol poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de

acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ferrol queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ferrol serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ferrol será publicada no Boletín

**RPT-6654235

Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Ferrol, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Concello de Cee para cofinanciar o I Certame "Batallón Literario da Costa da Morte".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver os informes e demais antecedentes no expediente número 2026000016989 sobre a proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cee polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o I Certame "Batallón Literario da Costa da Morte", proponse, ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo previo ditame da Comisión Informativa de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 15 de setembro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 18.000,00 €, ao Concello de Cee para cofinanciar o I Certame "Batallón Literario da Costa da Morte", cun orzamento subvencionado de 22.500,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201 do vixente orzamento xeral.

Quinto- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

"Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cee polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o I Certame "Batallón Literario da Costa da Morte"

Na Coruña, a

Ante min,....., Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Don/a –---------- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a –----------en representación do Concello de Cee.

EXPOÑEN

1.- Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

2.- Que o Concello de Cee, desenvolve o I Certame “Batallón Literario da Costa da Morte”, que ten como obxectivo consolidar un certame literario anual de referencia na Costa da Morte que promova a creación literaria en lingua galega.

3.- Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.

4.- Que, neste contexto, a Deputación da Coruña está interesada en colaborar co Concello de Cee no I Certame “Batallón Literario da Costa da Morte”, mediante a concesión dunha subvención nominativa.

5.- Que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello da Cee acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Cee, con NIF P1502300E, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar a realización do I Certame “Batallón Literario da Costa da Morte”.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Cee.

O Concello de Cee desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, cun orzamento de **22.500,00 €** que se desagrega do seguinte xeito:

**RPT-6654235

CONCEPTO	IMPORTE
Premio da obra gañadora do certame literario:	3.000 €
Servizo técnico de comunicación e imprenta	4.721,25 €
Promoción en medios de comunicación:	
prensa escrita, medios radiofónicos:	3.362,25 €
Coordinación técnica e xurado:	2.541,00 €
Servizo técnico de iluminación e son:	1.598,00 €
Produción e desenvolvemento de actividades culturais	
e actos institucionais vinculados ao certame literari	6.287,50 €
Subministración de material auxiliar, institucional e escenográfico:	990 €
TOTAL ORZAMENTO (IVE incluído)	**22.500,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **18.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80,00 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Cee obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Cee.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Cee, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a actividade subvencionada no ano 2026, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Cee.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Cee unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo Interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos xustificados referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* **Certificación** da relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras

administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto, expedida polo órgano competente responsable da contabilidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Cee deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cee para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Cee da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Cee.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Cee deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Cee destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Cee deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cee poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cee queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cee serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ceel será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xuño de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Cee, realizada polo menos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Federación Galega de Automobilismo para cofinanciar a adquisición de un autobús-oficiña para a realización de tarefas administrativas de control de tempos.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE e 6 do BNG).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, PSOE e BNG e a abstención de Alternativa dos Veciños, acorda:

"Logo de ver os antecedentes, fundamentos de dereito e informes que obran no expediente 2025000038471 relativo á proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Galega de Automobilismo** por lo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a **adquisición de un autobús-oficiña para a realización de tarefas administrativas de control de tempos**, proponse á Comisión informativa de deportes e mocidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 7 de setembro 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de

52.000,00€, á **Federación Galega de Automobilismo**, para cofinanciar a **adquisición de un autobús-oficiña para a realización de tarefas administrativas de control de tempos**, cun orzamento subvencionado de **78.650,00€**, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3420/781 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR A ADQUISICIÓN DUN AUTOBÚS-OFICIÑA PARA A REALIZACIÓN DE TAREFAS ADMINISTRATIVAS DE CONTROL DE TEMPOS.

Na Coruña, a __ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D._____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D._____ o Presidente da Federación Galega de **Automobilismo** ----------.

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a **Federación Galega de Automobilismo** é unha entidade adicada ao fomento e o impulso da práctica continuada da actividade física e deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas**.**
En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Galega de Automobilismo** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Federación Galega de Automobilismo** co NIF Q8255003I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para cofinanciar **a adquisición dun autobús-oficiña para a realización de tarefas administrativas de control de tempos.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola Federación Galega de Automobilismo.

A **Federación Galega de Automobilismo** desenvolverá o obxecto programado, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Adquisición de autobús e adaptación para oficiña móvil: 78.650,00€

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **52.000,00€,** o que representa unha porcentaxe do **66.11570%.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **66.11570%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3420/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Federación Galega de Automobilismo**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Federación Galega de Automobilismo**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a **Federación Galega de Automobilismo** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do equipamento, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquirido os bens ou equipamentos, a **Federación Galega de Automobilismo** deberá colocar cartel no Taboleiro de anuncios do local social ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

Asemade a entidade se compromete a incluír no equipamento e nos seus compoñentes o deseño e as instruccións de rotulación facilitadas previamente pola Deputación neste senso, sendo esta obriga de obrigado cumprimento

3.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Federación Galega de Automobilismo**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á **Federación Galega de Automobilismo** unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal da **Federación Galega de Automobilismo**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación da adquisición realizada e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas

de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás adquisicións realizadas durante o ano 2026.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** de todos os ingresos de natureza pública ou privada para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan as responsabilidades da tesourería e a representación legal da entidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

* **Reportaxe fotográfico** dos investimentos realizados.

* **Acta de recepción** escaneada ou albará de entrega.

* **Certificación** do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da entidade e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2026.**

2.- Unha vez rematadas a/os actividades/investimentos, a **Federación Galega de Automobilismo** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **Federación Galega de Automobilismo** para que a presente no prazo improrrogable de

quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Federación Galega de Automobilismo** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Federación Galega de Automobilismo**.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A **Federación Galega de Automobilismo** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Federación Galega de Automobilismo** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, á **Federación Galega de Automobilismo** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, á **Federación Galega de Automobilismo** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención

**RPT-6654235

pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Federación Galega de Automobilismo** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Federación Galega de Automobilismo** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Federación Galega de Automobilismo** será

**RPT-6654235

publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación de gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xullo de 2025 e o 31 de decembro de 2026, sen que en ningún caso sexan subencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa VIXENCIA ata o 30 de xuño de 2027. A súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter presentada a xustificación antes do día 31 de marzo de 2027, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2027. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data. A concesión da devandita prórroga, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do servizo de contratación e da Intervención provincial será eventualmente realizada mediante Resolución da Presidencia da Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita

xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadriplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

7.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Federación Gallega de Balonmano para cofinanciar a organización da Proba balonmán Praia Deputación da Coruña no 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver os antecedentes, fundamentos de dereito e informes que obran no expediente 2026000018667 relativo á proposta de formalización dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Gallega de Balonmano** por lo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a **organización da proba balonmán praia Deputación da Coruña no 2026**, proponse á Comisión informativa de deportes e mocidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 18 de septiembre de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **86.000,00€**, á **Federación Gallega de Balonmano**, para cofinanciar a **organización da proba balonmán praia Deputación da Coruña no 2026**, cun orzamento subvencionado de **107.500,00€**, de acordo co texto do convenio que se achega.

Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3411/481 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALLEGA DE BALONMANO PARA O COFINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DA PROBA BALONMÁN PRAIA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO 2026

Na Coruña, a __ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D._____ o/a representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D._____ Presidente da **Federación Gallega de Balonmano**.

As partes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a **Federación Gallega de Balonmano** é unha entidade adicada ao fomento do deporte e a participación en actividades e competicións deportivas.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Federación Gallega de Balonmano** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Federación Gallega de Balonmano**, CIF G36690832, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola **Federación Gallega de Balonmano** para cofinanciar a organización da **Proba balonmán Praia Deputación da Coruña no 2026 .**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar

A **Federación Gallega de Balonmano** realizará a actividade obxecto deste convenio, consonte ao seguinte orzamento desagregado:

Concepto	Importe
Adquisición de sistema de liñas, balons, redes, petos	4.500,00 €
Aluguer vallas carpas, bancadas mesas, cadeiras, megafonía, marcadores, redes de contención	32.000,00 €
Dereitos de arbitraxe (honorarios-desprazamentos)	5.400,00 €
Desprazamentos deportistas, organización traslados materiais.	8.000,00 €
Soldos traballadores (da organización, control, comunicación e seguimento)	8.000,00 €
Seguridade Social traballadores (da organización, control, comunicación e seguimento)	3.000,00 €
Publicidade e propaganda (fly banner, lonas photocall, foam, foto, vídeo, difusión RRSS)	10.200,00 €
Manutención e aloxamento da organización e colectivo arbitral, augas deportistas	5.500,00 €
Limpeza diaria e preparación do recinto deportivo	2.700,00 €
Premios ós participantes, trofeos	10.000,00 €
Contratación de Streaming, comité de competición, montaxe e desmontaxe, seguridade	13.200,00 €
Uniformidade organización, colectivo arbitral	5.000,00 €
Total	107.500,00 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **86.000,00€,** o que representa unha porcentaxe do 80.00000**%.**

**RPT-6654235

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80.00000%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Federación Gallega de Balonmano**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Federación Gallega de Balonmano**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a **Federación Gallega de Balonmano** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre

o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **Federación Gallega de Balonmano**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Federación Gallega de Balonmano** unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma Subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal da **Federación Gallega de Balonmano**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2026.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, a **Federación Gallega de Balonmano** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de**

maio de 2027.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **Federación Gallega de Balonmano** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Federación Gallega de Balonmano** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Federación Gallega de Balonmano.**

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A **Federación Gallega de Balonmano** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Federación Gallega de Balonmano** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **Federación Gallega de Balonmano** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Federación Gallega de Balonmano** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Federación Gallega de Balonmano** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Federación Gallega de Balonmano** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Federación Gallega de Balonmano** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **29 de outubro de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2026.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da **Federación Gallega de Balonmano**, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento".

8.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Española Contra el Cáncer para o cofinanciamento do Proxecto Rede de Concellos Contra o Cancro da Provincia da Coruña e aprobación do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe de data 7 de setembro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **158.606,00 €**, á Asociación Española Contra el Cáncer para cofinanciar o *Proxecto Rede de Concellos Contra o Cancro da Provincia da Coruña* cun orzamento subvencionado de 211.475,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

4.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23121/481 do vixente Orzamento.

5.- Aprobar o texto do convenio.

6.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

7.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Española Contra el Cáncer polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Proxecto Rede de Concellos Contra o Cancro da Provincia da Coruña.

Na Coruña, a __ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D._____ o representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D./Dna _____ o/a Presidente/a da Asociación Española Contra el Cáncer

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

1.- A Asociación Española Contra el Cáncer é unha entidade sen ánimo de lucro, que conforme aos seus estatutos, no artigo 3, ten como fins, entre outros:

- A asociación ten como fin primordial a loita contra a enfermidade do cáncer.
- O desenvolvemento dos fins da Asociación pode efectuarse, entre outras, mediante actividades de difusión, prevención, investigación, formación e asistencial.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Española Contra el Cáncer, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Española Contra el Cáncer,** con NIF G28197564, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Proxecto Rede de Concellos Contra o Cancro da Provincia da Coruña.*

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Española Contra el Cáncer.

A Asociación Española Contra el Cáncer levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

1. Recursos humanos	**189.975,00**
a. Persoal interno:	
-soldos e salarios	71.177,90

**RPT-6654235

-seguridade social	24.147,10
b. Servizos profesionais	94.650,00
2. Recursos materiais	**10.000,00**
- Material oficina	2.125,00
- Material publicitario	7.875,00
3. Recursos de infraestrutura e loxística	**11.500,00**
- Alugamento sede	11.500,00
Total	**211.475,00**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **158.606,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 74,99988 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,99988 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Española Contra el Cáncer obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios

para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Española Contra el Cáncer.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Española Contra el Cáncer, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Española Contra el Cáncer deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Española Contra el Cáncer, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Española Contra el Cáncer.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Española Contra el Cáncer unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Española Contra el Cáncer, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións

públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Española Contra el Cáncer deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Española Contra el Cáncer para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Española Contra el Cáncer da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Española Contra el Cáncer.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Española Contra el Cáncer deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Española Contra el Cáncer destinará os fondos recibidos ao pagamento

dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Española Contra el Cáncer deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Española Contra el Cáncer poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Española Contra el Cáncer queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación

da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Española Contra el Cáncer serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Española Contra el Cáncer será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2026**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Española Contra el Cáncer, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei

38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

9.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de **100.000,00 €**, á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña para cofinanciar a *Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal* cun orzamento subvencionado de 140.690,00 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0611/23121/481 do vixente Orzamento.

4.- Aprobar o texto do convenio.

5.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

6.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2027, autorice o correspondente Orzamento.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal.

Na Coruña, a __ de _____ de 2026

Ante min, _____, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte, D._____ o representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte D./Dna_____ o/a Presidente/a da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

1.- Que a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña é unha entidade sen ánimo de lucro, que conforme aos seus estatutos, no artigo 5, ten como fins recadar alimentos da sociedade, principalmente dos de carácter excedentario como medio de solidariedade cos necesitados, almacenándoos para a súa posterior doazón. Proporcionar os alimentos doados ás institucións e centros asistenciais da Provincia da Coruña que mostren a súa necesidade. Promover a participación do voluntariado para os dous fins anteriores.

Estes destinatarios finais son as “persoas mais desfavorecidas”, as persoas físicas, familias ou agrupacións cuxa situación de dependencia económica está recoñecida polas autoridades competentes.

As principais actuación da entidade perseguen os obxectivos de desenvolvemento sostible: fin da pobreza, fame cero, saúde e benestar, redución das desigualdades.

2.- No ano 2025, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña repartiu 1.679.614 Kg/l de alimentos entre 144 entidades colaboradoras, atendendo a 25.181 persoas beneficiarias.

**RPT-6654235

3.- Que a Deputación da Coruña é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime Local 7/85 de 2 de abril , artigo 36 e coa Lei de Adm. Local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

4.- Que, dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña,** con NIF G70260906, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da ***Adquisición de alimentos de primeira necesidade e contratación de persoal.***

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña.

A Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto		Importe
Compra de alimentos		78.590,00 €
Gastos de persoal	Soldos e salario	47.200,00 €
	Seguridade Social	14.900,00 €
Total		***140.690,00 €***

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de 71,07826 %.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula

**RPT-6654235

segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 71,07826 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores.

Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o

cumprimento desta obriga da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados,(con IVE e Sen IVE) no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2026.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2027**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

**RPT-6654235

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1. A Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1. A Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas

as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Banco de Alimentos Provincia de A

**RPT-6654235

Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2027** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse feito desde o **1 de xaneiro de 2026**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia de crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2027 autorice o correspondente Orzamento.

2. Previa solicitude da Asociación Banco de Alimentos Provincia de A Coruña, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, poderá ser prorrogado o convenio por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes prececeptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

10.- Aprobación da transmisión gratuíta da titularidade demanial dun treito de estrada DP 1503 - PERLÍO A LAVANDEIRA, tramo da DP1503 do núcleo urbano do municipio de Fene, rúa da Fraga, que se estende dende o PK 0 ata o cruce coa estrada N-651, a favor do Concello de Fene, incluído o solo, as construcións e tódolos elementos funcionais que formen parte da citada vía.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade dos trinta e un membros presentes que representan a maioría absoluta da Corporación, acorda:

"Primeiro: Aprobar a transmisión gratuíta da titularidade demanial do seguinte treito de estrada a favor do Concello de Fene, incluído o solo, as construcións e tódolos elementos funcionais que formen parte da citada vía:

Denominación:	Inicio:	Fin:	Lonxitude:	Valoración:
DP 1503 - PERLÍO A LAVANDEIRA	X = 567224 Y = 48213776	X = 567819 Y = 4813709	620 metros	1.269.950,00 Euros

Nas condicións que se indican:

a) O Concello de Fene deberá manter a afectación ao dominio público do ben descrito durante os 30 anos seguintes á aprobación do presente acordo, establecéndose expresamente a súa reversión á Deputación da Coruña en caso de incumprimento.

b) Non poderá existir ánimo de lucro no cumprimento dos fins previstos na cláusula anterior, establecéndose expresamente a reversión á Deputación da Coruña en caso de incumprimento. Se o ben transmitido orixina algún tipo de ingreso, tal circunstancia deberá ser comunicada á Deputación da Coruña.

c) Tódolos gastos e impostos da presente transmisión de titularidade serán a costa do Concello de Fene, incluídas – se fose o caso- as actuacións administrativas, escrituras públicas e inscricións nos rexistros que se precisen con carácter previo para regularizar a titularidade da propiedade transmitida. Do mesmo xeito, tódolos tributos, investimentos e gastos que orixinen as propiedades a partir da formalización da presente transmisión serán a cargo do Concello de Fene.

Segundo: Publicar no Boletín Oficial da Provincia o presente acordo e dar traslado deste á Xunta de Galicia para que proceda a modificar a titularidade do treito transmitido mediante Decreto do Consello da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 9.6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia e 21.4 do seu regulamento.

Terceiro: Actualizar o Catálogo de Estradas da Deputación da Coruña no senso de modificar a descrición da estrada DP 1503 - PERLÍO A LAVANDEIRA por redución da súa lonxitude.

Cuarto: Modificar o Inventario de Bens da Deputación da Coruña no senso de cambiar a descrición da estrada DP 1503 - PERLÍO A LAVANDEIRA por redución da súa lonxitude e dar conta ao Pleno da citada modificación a través da seguinte rectificación anual de inventario que proceda, segundo o seguinte detalle:

Denominación segundo o catálogo de estadas provinciais:	Epígrafes:	Números de inventario:	Números de ben en GPA:	Modificación que se acorda:
DP 1503 - PERLÍO A LAVANDEIRA	*1 Inmobles* *1 Estradas*	*129* *86*	*29996* *29586*	*-Modificación da súa descrición (Redución da lonxitude)*

Quinto: Facultar á Presidencia da Deputación para asinar a correspondente acta de entrega e desenvolver tódalas actuacións necesarias para o total cumprimento do presente acordo."

11.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de Pontedeume para as obras de reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social en Vizús, Pontedeume, ata o 31 de outubro de 2027.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do convenio subscrito co concello de Pontedeume para as obras de reforma interior e mellora da accesibilidade do centro social en Vizús, Pontedeume, ata o 31 de outubro de 2027 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

12.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santa Comba polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de mellora da pavimentación do viario Os Amezóns-Portochán-Carboeiro".

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente, compañeras y compañeros.

Antes de nada a anunciar que o noso voto será favorable nestes tres convenios, como non podía ser doutro xeito, porque, ben, evidentemente cando se actúa con premura, con dilixencia, para solucionar un problema dos veciños da provincia da Coruña, nós non imos dicir que non. O que si nos chama a atención é que esa premura e esa dilixencia acostuma caer sempre do mesmo lado da balanza. E nos dous últimos plenos aprobáronse convenios neste salón de plenos por unha contía de 3.262.391 euros, dos cales foron a concellos do Partido Socialista 2.621.216 euros, 400.000 a Alternativa dos Veciños e o resto da conta, é ben fácil de facer, para concellos gobernados polo Partido Popular.

Eu pídolle, presidente –eu entendo que cando o tempo se esgota queremos cumprir o mellor posible con quen temos algún compromiso–, que actuemos con dilixencia, con obxectividade, e que traballamos a prol de todos os veciños da provincia da Coruña, independentemente de quen sexa o alcalde que goberna en cada concello; se non, estamos actuando dalgún xeito con discriminación, e nós por aí non queremos pasar. Repito, o tempo apura, os meses pasan, o tempo esgótase e os compromisos hainos, pero os compromisos son para todos os veciños da provincia da Coruña, porque hai máis de 20 concellos do Partido Popular que teñen solicitados convenios nesta Deputación e os papeis van quedando, para atrás, van quedando para atrás, igual que en reforma de vías, etc., etc. Eu pídolle dilixencia e obxectividade, porque creo que iso vai no seu cargo como presidente da Deputación. Máis nada e grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Santa Comba **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar **as "obras de mellora da pavimentación do viario Os Amezóns-Portochán-Carboeiro",** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a

**RPT-6654235

Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Santa Comba polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de mellora do pavimentación do viario Os Amezóns-Portochán-Carboeiro" cunha achega provincial de 196.181,60 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/4532/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 245.227,00 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTA COMBA PARA O FINANCIAMENTO DA OBRA DENOMINADA MELLORA DA PAVIMENTACIÓN DO VIARIO OS AMENZÓNS-PORTOCHÁN-CARBOEIRO.

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____(ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D._____(ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, o **Concello de Santa Comba**, con CIF P1507800I, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____(ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Santa Comba,** no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

"...A dispersión da poboación municipal en máis de 135 núcleos obrigou a crear unha malla de itinerarios cuxo acondicionamento e conservación é fundamental para manter o patrimonio viario.

As vías de circulación vense sometidas a diversos factores como o tráfico rodado, as condicións meteorolóxicas ou o impacto de obxectos alleos a elas, entre outros. Isto xera unha tensión para o composto do firme, levando a desenvolver diversas patoloxías.

Os investimentos realizados por este equipo de goberno no viario da parroquia de Freixeiro incrementou en moito a circulación de vehículos que proceden das estradas autonómicas Santiago de Compostela-Santa Comba (pola Baña) e de Santiago de Compostela (por Paramos) cara o veciño concello de Val do Dubra e a estrada Muros-Sigrás.

O tramo en cuestión, non é adecuado para a circulación xa que presenta unha deterioración importante, con zonas de fochas de considerable profundidade, debido ao mal estado de mantemento, a unha capa de rodaxe inadecuada, así como a unha mala canalización das augas pluviais debido á ausencia dunha drenaxe axeitada debido á ausencia de cunetas e a que nos poucos tramos nos que existen, presenta pouca profundidade ou están invadidas pola maleza.

A solución adoptada
A mellora do firme e o acondicionamento do sistema de drenaxe deste viario municipal. Consta no proxecto técnico os traballos a realizar.

O carácter excepcional, singular ou a urxencia do proxecto
Acométense aquelas obras ou investimentos máis urxentes, as máis demandadas e necesarias para a seguridade viaria, o abastecemento domiciliario de auga, o saneamento, programándose alí onde son inescusables as actuacións por mor do estado primitivo das obras así como pola aglomeración de habitantes e o uso das mesmas.

Con esta actuación melloraríase o fluído na circulación no viario que une os tres lugares, especialmente de camións, vehículos de transporte e a pesada maquinaría agrícola que soporte esta estrada así como permite un mellor acceso ás vías municipais e autonómicas mencionadas.

Por outra banda, o alto número de peóns que a diario percorren esta rúa obriga a realizar investimentos en materia de seguridade peonil así coma no terreo. En tempos de choiva é practicamente imposible camiñar ou pasear nas mínimas condicións esixidas.

Na selección da obra tense en conta, de xeito especial, os datos que constan na webeidel que xestiona a Deputación provincial da Coruña, e constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos de cooperación económica local ..."

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o _____

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Santa Comba** con CIF P1507800I para o financiamento da obra denominada **"obras de mellora do pavimentación do viario Os Amezóns-Portochán-Carboeiro",** tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de obras Don Antonio Landeira Blanco, de data Xullo 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe

favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	170.308,35 euros
Gastos xerais 13,00%	22.140,09 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	10.218,50 euros
IVE (21%)	42.560,06 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	**245.227,00 euros**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **196.181,60 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %,** que constitúe o "coeficiente de financiamento". A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos deivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/4532/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARI**A** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

   - Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.
   - Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.
   - **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.
   - Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
   - **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.
   - Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.

- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.

- **Acta de recepción da obra**. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.

- Presentación de **fotografías,** dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.

- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

. A tal efecto, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiábel pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificados, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Santa Comba** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3. A estes efectos**, a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio**, indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

   De considerarse xustificados os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras**.

   O **dito prazo será máximo** e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación,** polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

   A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado**,** por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servicios Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.4)

6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

   De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (ou quen legalmente lle substitúa).”

13.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da "Consolidación das edificacións "Lagar, Vivendas e Cabalarizas" no entorno patrimonial do Pazo de Goyanes".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e do **Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da “Consolidación das edificacións “Lagar, Vivendas e Cabalarizas” no entorno patrimonial do Pazo de Goyanes”,** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boiro polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras da "Consolidación das edificacións "Lagar, Vivendas e Cabalarizas" no entorno patrimonial do Pazo de Goyanes", **cunha achega provincial de 201.865,90 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3369/76201 o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 252.332,38 euros.**

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIRO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DA "CONSOLIDACIÓN DAS EDIFICACIÓNS "LAGAR, VIVENDAS E CABALARIZAS" NO ENTORNO PATRIMONIAL DO PAZO DE GOYANES"

Na Coruña, a _____

INTERVEÑEN

Dunha parte, a Deputación Provincial da Coruña con NIF P1500000C, representada polo seu Presidente, D. _____(ou deputado/a no que delegue), (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica) asistido polo Secretario Xeral, D._____(ou quen legalmente lle substitúa) representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica), en exercicio das funcións reservadas previstas no artigo 3.2 i) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

E **doutra parte**, o **Concello de Boiro**, con CIF P1501100J, representado polo seu Alcalde/sa /Presidente D. _____(ou concelleiro, concelleira ou persoa en quen delegue), segundo se acredita mediante certificación da Secretaría do Concello/ Entidade. (**en adiante ENTIDADE BENEFICIARIA**) (No caso de sinatura electrónica engadirase: identificado mediante o correspondente certificado de firma electrónica)

Interveñen cada un deles, en nome e representación da entidade respectiva e recoñécense mutuamente a capacidade legal necesaria para a sinatura do presente convenio a tal efecto,

ANTECEDENTES

A solicitude da presente subvención foi aprobada por Acordo do Pleno do **Concello de Boiro,** no que se valora o impacto económico do obxecto do convenio nos seguintes termos:

"... Visto que o Concello de Boiro é propietario da finca e Pazo de Goiáns, un conxunto composto polo inmoble principal, o Pazo e a torre, e as construcións auxiliares que se sitúan na finca como a capela, os lagares, hórreo, pombar, caballerizas…
Todo o conxunto conta cun importante valor patrimonial que é preciso preservar e, para iso, o Concello de Boiro acometeu nun primeiro momento as obras de rehabilitación do inmoble principal, finalizadas no ano 2020, e posteriormente a rehabilitación da Capela, finalizada en novembro de 2024, e ten como obxectivo seguir rehabilitando as demais edificacións anexas para evitar a súa degradación.

Tamén é obxectivo do Concello de Boiro a posta en valor dun espazo de gran relevancia social e cultural como é o Pazo de Goiáns e a súa finca pola importancia patrimonial do inmoble, a vinculación social e cultural de Boiro con este Pazo, as especies senlleiras que se atopan na súa finca e tamén por ser un punto de atracción turística ao pasar o percorrido do Camiño de Santiago 'A Orixe' pola súa finca. . ..."

A concesión da subvención foi aprobada por Acordo do Pleno da Deputación celebrado o _____

COMPETENCIAS DAS ADMINISTRACIÓNS ACTUANTES

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo a execución deste proxecto no exercicio da competencia en materia de Patrimonio e Contratación que lle atribúe o artigo 25.2, da Lei 7/85, de 2 de abril, das Bases de Réxime Local, así como os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia nos termos da lexislación sectorial do Estado e/ou da Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa banda, consonte ao previsto no artigo 31.2 da devandita Lei 7/85 e 101.2 da referida Lei 5/1997, a Deputación, como órgano de goberno e administración da Provincia, compételle asegurar a prestación integral e axeitada en todo o territorio provincial dos servizos de competencia municipal, así como a cooperación no fomento no desenvolvemento económico e social e a planificación do territorio provincial (art.36.1, letra d).

MANIFESTAN

Que o **ENTIDADE** e a **DEPUTACIÓN** teñen interese coincidente na execución das obras obxecto deste convenio, polo que ambas as dúas

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio de cooperación ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación da Coruña e o Concello de **Boiro** con CIF P1501100J para o financiamento da obra denominada **"Consolidación das edificacións "Lagar, Vivendas e Cabalarizas" no entorno patrimonial do Pazo de Goyanes",** tal e como aparece definida no proxecto técnico redactado polo arquitecto, Carlos M. Maneiro Muñiz, asinado en Decembro de 2025.

1.- **A ENTIDADE BENEFICIARIA**, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, a certificación da súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e achega todas as autorizacións administrativas preceptivas.

Dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

2- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e a normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa realizada pola persoa redactora de que é unha obra completa ou unha fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada a obra, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista a lo menos polo prazo de dez anos.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	175.242,99 euros
Gastos xerais 13,00%	22.781,59 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	10.514,58 euros
IVE (21%)	43.793,22 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	**252.332,38 euros**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **201.865,90 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,00%,** que constitúe o "coeficiente de financiamento". A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, está financiado pola ENTIDADE BENEFICIARIA con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando que ten consignado

**RPT-6654235

o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto que lle corresponde financiar.

2. Entenderase que a finalidade básica da subvención estará cumprida cando se teña executado e recepcionado completamente a obra, polo importe de adxudicación. O importe da achega será o resultado de aplicación de coeficiente de financiamento sobre o importe adxudicado.

No caso de que se produxeran economías en execución ou diminución de gastos derivados de proxectos modificados, a achega provincial sería o resultado da aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e recepcionado.

3. A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras contempladas no proxecto técnico e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos derivados de contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos deivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

A Deputación poderá realizar controis **adicionais** de calidade das obras. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá facilitar a información e os accesos ás obras que sexan necesarios para a realizar da dita actividade.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación **0112/3369/76201** do orzamento provincial para o ano 2026, na que a Intervención Provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. No caso de que a vixencia deste convenio esténdase a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **ENTIDADE BENEFICIARIA** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA a tramitación do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación para o procedemento aberto cun único criterio, ou múltiples criterios de valoración, garantindo en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación.

Unicamente procederá a utilización do procedemento negociado sen publicidade nos supostos previstos no artigo 168 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o que deberá quedar motivado no expediente

Non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servicios Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente.(Cláusulas III.3 e XIV.3)

V.- DIFUSIÓN DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a colocar un cartel informativo da obra que sexa visible, polo menos, desde unha distancia de 25 metros, no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

. Rematada a obra, e cando a súa natureza o permita, deberase colocar unha placa nun lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, dándolle difusión a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA DA DEPUTACIÓN

1. Ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable. A dita achega provincial calcularase aplicando o coeficiente de financiamento sobre o importe de adxudicación da obra. Polo tanto, a Deputación expedirá un primeiro pagamento do 50 % da achega provincial a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** , unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Xustificación da elección do procedemento de contratación utilizado, de acordo co previsto na cláusula IV.3.

- Certificación do **acordo ou resolución de adxudicación** do contrato de obras, na que figuren polo menos o seguinte: datos da empresa adxudicataria, importe de adxudicación do contrato e prazo de execución.

- **Acta de comprobación da implantación**, asinada pola dirección da obra, pola contratista adxudicataria e pola persoa funcionaria técnica designada pola Deputación ou, no seu caso, acreditación da imposibilidade de asistencia de dita persoa técnica provincial.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos afectados** á mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V.1 mediante remisión dunha fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

- Acreditación fotográfica da situación da obra previamente ao seu inicio.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do 50 por cento ou resto da achega provincial, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións** de execución da obra cos datos a orixe, coa certificación da súa aprobación polo órgano competente, xunto co recoñecemento da obriga.

- Informes de control de calidade da obra realizados por un técnico competente, de ser o caso.

- **Acta de recepción da obra**. A dito acto deberá acudir unha persoa técnica designada pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta. No caso de imposibilidade de asistencia da persoa técnica provincial, deberá acreditarse ter realizado a solicitude e a contestación da Deputación.

- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade dos **ingresos** de natureza pública ou privada obtidos para a mesmo proxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para o mesmo proxecto.

- Presentación de **fotografías,** dilixenciadas pola dirección da obra, acreditativas do **cumprimento das obrigas de difusión** previstas na cláusula V: cartel da obra e, no seu caso, colocación da placa e portal de transparencia da súa páxina web ou sede electrónica.

- Presentación de fotografías da obra realizada, dilixenciadas polo técnico-director.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao **inventario de bens** do **ENTIDADE BENEFICIARIA**, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.

- Cando o ben sexa susceptible de inscrición no Rexistro da Propiedade, debe constar a adscrición ao uso e servizo público por un prazo de dez anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. Previamente a realización de calquera dos pagos anteditos, e de acordo co previsto na cláusula VIII, a Deputación comprobará de oficio se o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Deputación.

4.-Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 50% da subvención provincial, e polo tano, a finalidade básica da subvención non se considere cumprida nos termos da cláusula III.2, o anticipo concedido non xustificado deberá reintegrarse xunto cos correspondentes intereses de demora.

5. **No caso de resolución de contrato** por causas debidamente xustificadas, non imputables ao Concello, poderá efectuarse o pago correspondente á aplicación do coeficiente de financiamento sobre o total certificado e pagado ao contratista .A tal efecto, deberán de aportarse as transferencias bancarias a favor do contratista. A estes efectos, o importe non aboado se considerará economía.

VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula VI no prazo indicado na cláusula XIV.

2. No caso de non ter presentada a documentación xustificativa , ou a solicitude de prórroga dentro do prazo de vixencia do convenio, **implicará a perda da subvención** e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIV.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e con esta Deputación .

2. A tal efecto, a ENTIDADE BENEFICIARIA presentará as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente á Deputación a realizar as consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social . Neste caso, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

**RPT-6654235

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. Consonte ao previsto nas Regras 25 e seguintes da Instrución de contabilidade para a administración local (Orde HAP 1781/2013, de 20 de setembro, Modelo normal), a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá codificar este proxecto de gasto, co fin de facerlle un seguimento contábel específico, de xeito de que quede rexistrada unha pista de auditoría fiábel pola que se poida verificar a afectación e aplicación efectiva dos fondos recibidos á execución do proxecto financiado.

2. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

3. O concello deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe dos gastos xustificados, no prazo máximo **dun mes** dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación e, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que teña que presentar documentación adicional algunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

4. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pagamento bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante e a persoa preceptora.

5. No caso de que o ben subvencionado tivera como finalidade a posta en funcionamento dalgún servizo ou actividade, a ENTIDADE BENEFICIARIA, deberá acreditar nun prazo máximo de cinco meses dende a percepción da totalidade da subvención, de que o servizo ou actividade están funcionamento, ou, no seu caso, presentar un programa de posta en funcionamento. Esta circunstancia poderá ser verificada a través da inclusión da subvención no Plan de Control Financeiro da Intervención provincial.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser seleccionado pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, A **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento

contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá comportar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

3. Nos supostos de demora na realización das obras ou na presentación da xustificación, estarase ao disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 13 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a concesión da subvención ao A **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no portal de transparencia da sede electrónica da Deputación da Coruña.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Secretaría Provincial, xestionado polo Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

1. Para realizar o seguimento deste convenio e as incidencias que poidan xurdir do mesmo, queda constituída unha comisión integrada pola persoa titular da Presidencia da

Deputación ou membro da Corporación no que delegue e a persoa titular da Alcaldía do **Concello de Boiro** ou membro da Corporación en quen delegue. Actuarán como asesores de dita comisión as persoas titulares da Secretaría xeral e do órgano interventor da Deputación e da ENTIDADE BENEFICIARIA, ou persoas funcionarias en quen deleguen.

2. En todo caso, será preceptivo o ditame previo desta Comisión para os acordos de interpretación do presente convenio.

XIV.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1. O presente convenio de cooperación terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31/10/2027**, o que representa un período de vixencia de _____ meses. No caso de que a vixencia deste convenio se estenda a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2. **O dito prazo será improrrogable**, salvo que **A ENTIDADE BENEFICIARIA** non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación antes do prazo establecido na cláusula VII. Nese caso, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

3. A estes efectos**, a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar** que implican a necesidade de prorrogar o presente convenio**, indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.**

De considerarse xustificados os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo de vixencia do convenio aprobarase **por Resolución da Presidencia**, polo **prazo imprescindible para a finalización das obras**.

O **dito prazo será máximo** e, polo tanto, **non será susceptible dunha nova prórroga, nin de modificación,** polo que, a non presentación da xustificación no dito período, **implicará que** o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e, sen máis notificación, implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido mais os correspondentes xuros de demora.

4. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida de forma excepcional e nominativamente por acordos plenarios das respectivas administracións.

A modificación do proxecto de obras non implicará un incremento da achega provincial senón que, no seu caso, o exceso de financiamento deberá ser soportado pola ENTIDADE BENEFICIARIA. No caso de que a modificación implique unha minoración do

importe do proxecto, a mesma se imputará proporcionalmente as entidades asinantes en función de do coeficiente de financiamento contemplado na cláusula III.

5. No caso de que o **ENTIDADE BENEFICIARIA** tramite e aprobe algunha **modificación do proxecto** inicialmente aprobado**,** por causas non imputables ao Concello e debidamente xustificadas, así como do contrato adxudicado, deberá **remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, con anterioridade á aprobación** do mesmo polo órgano competente, achegando co mesmo os informes técnicos e xurídicos emitidos para a súa supervisión polos Servicios Técnicos Provinciais. Posteriormente, achegarase certificación da súa aprobación polo órgano competente. (Cláusulas III.3 e XIV.4)

6. No caso de que a modificación implique unha minoración ou incremento do importe adxudicado, deberá tomar coñecemento o Pleno da Corporación Provincial e formalizarse en documento administrativo.

De manterse igual o importe, tomarase coñecemento mediante Resolución da Presidencia. En todo caso, non se formalizará a modificación, uníndose o acordo plenario ou resolución ao expediente para a súa constancia.

XV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E para que así conste e en proba de conformidade por ambas partes, asínase (No caso de sinatura electrónica engadirase: electronicamente) o presente convenio, dando fe de todo elo o Secretario xeral (*ou quen legalmente lle substitúa).”*

14.- Aprobación do texto e da formalización do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ames polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as "obras de construción do mercado municipal de abastos en Bertamiráns, Ames".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a Excma. Deputación provincial da Coruña e do Concello de Ames **polo lo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as "**obras de construción do mercado municipal de abastos en Bertamiráns, Ames**", e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE AMES PARA A CONSTRUCIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE BERTAMIRÁNS, polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as "**obras de construción do mercado municipal de abastos en Bertamiráns, Ames**" cunha achega provincial de **1.000.000,00 euros** con cargo á **aplicación orzamentaria 0112/4312/76201** o que representa un coeficiente de financiamento do **30.36741 %** respecto dun orzamento de **3.293.003,90 euros,** de conformidade co seguinte cadro:

Anualidade	*Importe total*	*Consellería*	*Deputación*	*Concello*
2026	*600.000,00 €*	*200.000,00 €*	*0,00 €*	*400.000,00 €*
2027	*1.200.000,00 €*	*200.000,00 €*	*400.000,00 €*	*600.000,00 €*
2028	*1.493.003,90 €*	*600.000,00 €*	*600.000,00 €*	*293.003,90 €*
TOTAL	***3.293.003,90 €***	***1.000.000,00 €***	***1.000.000,00 €***	***1.293.003,90 €***

4º.- Condicionar:

- O convenio, ver anexo, á existencia de crédito adecuado e suficiente para as anualidades 2027 e 2028 e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria nos próximos exercicios orzamentarios, de acordo coa normativa vixente no momento.

- O **pago do convenio** a que o Concello de Ames aprobe no próximo pleno da corporación:

- manter a propiedade sobre os investimentos subvencionados e a vinculación destes á actividade que motivou o financiamento durante un período de 10 anos, de conformidade coa Ordenanza Xeral de Subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

- facer a publicidade da colaboración financeira da Deputación Provincial, que deberá quedar expresamente reseñada, de forma permanente, nun lugar visible do acceso á actuación no momento da súa inauguración e/ou recepción, de conformidade coa Ordenanza Xeral de Subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña."

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Interiores en Maxide e outros", do Concello de Lousame incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 co código 2026.2100.0053.0 levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Lousame do proxecto modificado do investimento denominado "Interiores en Maxide e outros", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 29 de maio de 2026, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 e o seu Plan Complementario, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 28 de novembro de 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2025, no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

Tendo en conta que a aprobación definitiva dalgúns dos investimentos incluídos neste Plan quedou condicionada ao cumprimento das condicións singulares suspensivas que se indican nos anexos IV e V ao acordo plenario provincial de aprobación, entre as que se atopa o investimento cuxos datos se reflicten na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
Lousame	2026.2100.0053.0	Interiores en Maxide e outros	65.809,38	0,00	65.809,38	-Autorización Patrimonio Cultural -Xunta

Logo de presentar o Concello de Lousame un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 24 de xullo de 2026 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 68.047,52 €, o que supón un incremento con respecto ao proxecto inicial de 2.238,14 €, que foi redactado coa finalidade de dar cumprimento aos condicionantes contidos na Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 24 de abril de 2026.

Logo de presentar o concello a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural xunto co informe do arquitecto técnico municipal asinado o 6 de agosto de 2026, indicando que este proxecto modificado cumpre coas condicións establecidas tanto para as declaracións responsables en materia de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía de augas, coma coas condicións da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia.

Tendo en conta que consta no expediente o documento contable (RC) asinado o 14 de setembro de 2026, pola secretaria-interventora do concello por importe de 68.047,52 € correspondente ao orzamento total do proxecto modificado.

Logo de ver que consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 29 de xullo de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 28 de novembro de 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Interiores en Maxide e outros”, do Concello de Lousame, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2026, co código 2026.2100.0053.0, aprobado por Resolución da Alcaldía do Concello de Lousame de data 14 de setembro de 2026, cun orzamento de contrata de 68.047,52 €, que foi redactado coa finalidade de dar cumprimento aos condicionantes contidos na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 24 de abril de 2026, que esixía para as obras contempladas na actuación número 3: “Mellora da Pista do Campiño”, o uso dun “formigón desactivado que atrase o fraguado do formigón e que permita a irrupción dos áridos á superficie”, dos dous primeiros treitos da obra, tramos que

**RPT-6654235

atravesan o núcleo rural; que conta co informe de supervisión favorable de data 29 de xullo de 2026 do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos informes técnicos e xurídicos favorables do concello.
Este proxecto modificado implica un incremento do orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 2.238,14 € tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Lousame "Interiores en Maxide e outros" **Código 2026.2100.0053.0**	**PROXECTO INICIAL**	**PROXECTO MODIFICADO**	**DIFERENZA**
Deputación	65.809,38	65.809,38	0,00
Concello	0,00	2.238,14	2.238,14
Total	65.809,38	68.047,52	2.238,14

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado e coa presentación da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, xunto co informe técnico de cumprimento das súas condicións, considerar cumprida a condición á que foi sometido, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento, quedando o cadro de financiamento definitivo como se indica a continuación:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Lousame	2026.2100.0053.0	Interiores en Maxide e outros	65.809,38	2.238,14	68.047,52	- Autorización Patrimonio Cultural - Xunta

3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 2026 / 0430 - 4592 -76201 do vixente orzamento provincial.

O Concello de Lousame asume integramente o incremento do financiamento do proxecto modificado, segundo consta no documento contable RC asinado dixitalmente o 14 de setembro de 2026, pola secretaria-interventora do concello, acreditativa da existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal a esta obra.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Lousame para os efectos oportunos.

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento dos camiños municipais na parroquia de Xornes: Camiño en Froxán e camiño en Viladesuso", do Concello de Ponteceso incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0696.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Acondicionamento dos camiños municipais na parroquia de Xornes: Camiño en Froxán e camiño en Viladesuso", do Concello de Ponteceso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0696.0 , no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión realizada o 22 de decembro de 2025, pola que se aprobou a segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+Adicional 2/2025 por maior achega provincial.

Tendo en conta que a aprobación definitiva dalgúns dos investimentos incluídos neste Plan quedou condicionada ao cumprimento das condicións singulares suspensivas que se indican no anexo ao acordo plenario provincial de aprobación, entre as que se atopa o investimento que a continuación se indica, cuxos datos se reflicten na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
Ponteceso	2025.2102.0696.0	Acondicionamento dos camiños municipais na parroquia de Xornes: Camiño en Froxán e camiño en Viladesuso	59.420,92	0,00	59.420,92	- Aprobación polo concello do proxecto corrixido -Anexo VI: Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos

Logo de aprobar o Concello de Ponteceso un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 6 de xullo de 2026, polo arquitecto Gonzalo García Martínez, en representación da sociedade ARQUB 27 ESTUDIO, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 59.420,92 €, idéntico ao do proxecto inicial, que foi redactado, por unha banda, para corrixir un erro detectado no trazado do camiño de Froxán, onde inicialmente se ocupaban terreos privados, pero unha vez revisado o trazado polo técnico municipal comprobouse que os camiños eran públicos de titularidade municipal, e por outra, para emendar unha serie de deficiencias sinaladas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable de 1 de outubro de 2025. Supón, polo tanto, un cambio do trazado previsto inicialmente.

**RPT-6654235

Logo de ver os informes do arquitecto municipal e do redactor do proxecto asinados dixitalmente o 6 de xullo e o 1 de setembro de 2026, nos que indican, respectivamente, que as actuacións indicadas dispoñen de todas as autorizacións sectoriais que lle son preceptivas: Axencia Galega de Infraestruturas, e Augas de Galicia; e que as autorizacións sectoriais do proxecto modificado e do inicial son as mesmas.

Logo de ver o informe xurídico do secretario do concello asinado dixitalmente o 6 de xullo de 2026 no que acredita que todas as obras contempladas no proxecto reformado executaranse dentro dos viais pertencentes a rede pública municipal, sen invadir propiedades privadas, concluíndo, polo tanto, que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución do investimento.

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 20 de agosto de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Acondicionamento dos camiños municipais na parroquia de Xornes: Camiño en Froxán e camiño en Viladesuso”, do Concello de Ponteceso, incluído na segunda e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0696.0, sen variación do seu orzamento de contrata respecto do proxecto inicial, que está sen adxudicar e que se aprobou polo Concello de Ponteceso por acordo da Xunta de Goberno Local do 9 de xullo de 2026, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, contando ademais cun informe de supervisión favorable emitido o día 20 de agosto de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación.

Este proxecto modificado redactouse coa finalidade de, por unha banda, corrixir un erro detectado no trazado do camiño de Froxán, onde inicialmente se ocupaban terreos privados, pero logo de revisado o trazado polo técnico municipal comprobouse que os camiños eran públicos de titularidade municipal, e por outra, para emendar unha serie de deficiencias sinaladas polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación no seu informe desfavorable de 1 de outubro de 2025. Supón, polo tanto, un cambio do trazado previsto inicialmente.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, así como coa a acreditación da dispoñibilidade de terreos, considerar cumpridas as condicións ás que fora sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobalo definitivamente dentro do Plan:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Ponteceso	2025.2102.0696.0	Acondicionamento dos camiños municipais na parroquia de Xornes: Camiño en Froxán e camiño en Viladesuso	59.420,92	0,00	59.420,92	- Aprobación polo concello do proxecto corrixido - Anexo VI: Informe xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 0430/1537/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Ponteceso para os efectos oportunos."

17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viais nas parroquias de Cumbraos (Igrexa de Cumbraos) e Porta (A Porcariza)", do concello de Sobrado incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0297.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Sobrado do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora de viais nas parroquias de Cumbraos (Igrexa de Cumbraos) e Porta (A Porcariza)", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 co código 2025.2000.0297.0, levantamento das condicións ás que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 30 de maio do 2025, en relación co acordo plenario de 27 de xuño de 2025, polo que

**RPT-6654235

se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS PENDENTES
Sobrado	2025.2000.0297.0	Mellora de viais nas parroquias de Cumbraos (Igrexa de Cumbraos) e Porta (A Porcariza)	51.541,26	0,00	51.541,26	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) Autorización Patrimonio Cultural-Xunta (1) Autorización Patrimonio Natural-Xunta

Logo de presentar o Concello de Sobrado un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 8 de xullo de 2026 pola enxeñeira de camiños, canais e portos Ana María García Mayo, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 51.541,26 €, idéntico ao do proxecto inicialmente aprobado, redactado coa finalidade de dar cumprimento aos condicionantes contidos na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), na que esixe modificar o tipo de firme a utilizar, o que supoñería un incremento do orzamento do proxecto inicial, polo que optan por manter o tramo 1 e eliminar os tramos 2 e 3.

Logo de presentar o concello a autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, xunto co informe técnico de cumprimento das condicións contidas na dita autorización, así como un informe no que se indica que non é necesaria a autorizacón de Patrimonio Natural.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora de viais nas parroquias de Cumbraos (Igrexa de Cumbraos) e Porta (A Porcariza)”, do Concello de Sobrado, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 co código 2025.2000.0297.0, que foi redactado coa finalidade de dar cumprimento aos condicionantes contidos na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), na que esixe modificar o tipo de

firme a utilizar, o que supoñería un incremento do orzamento do proxecto inicial, polo que optan por manter o tramo 1 e eliminar os tramos 2 e 3.

2.- Coa aprobación deste proxecto modificado, e coa presentación das autorizacións necesarias para a execución desta obra, considerar cumpridas as condicións ás que foi sometido este investimento, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento e, en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓNS CUMPRIDAS
Sobrado	2025.2000.0297.0	Mellora de viais nas parroquias de Cumbraos (Igrexa de Cumbraos) e Porta (A Porcariza)	51.541,26	0,00	51.541,26	Autorización Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) Autorización Patrimonio Cultural-Xunta (1) Autorización Patrimonio Natural-Xunta

3- Na partida 2026 / 0430 - 4547 - 76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

4.- Notificarlle esta Resolución ao Concello de Sobrado para os efectos oportunos.”

18.- Dación de conta da Resolución da Presidencia núm. 34.952 con data 03/08/2026 pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2027.

Dáse conta da Resolución da Presidencia núm. 34.952 con data 03/08/2026 pola que se aproban as liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2027.

19.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a agosto de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores,

calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de agosto de 2026.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de agosto de 2026.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

20.- Aprobación da prórroga do convenio co Concello de Mazaricos para o financiamento do proxecto "Acondicionamento da senda do Xallas".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a prórroga do convenio co Concello de Mazaricos para o financiamento do proxecto "Acondicionamento da senda do Xallas".

1º Estimar a solicitude do Concello de Mazaricos do 27 de agosto de 2026 na que se solicita a prórroga do convenio nº 13/2026 entre o concello e a Deputación da Coruña polo que se financian as obras relativas ás “ACONDICIONAMENTO DA SENDA DO XALLAS” .

O convenio tiña unha vixencia inicial fixada o 31 de outubro de 2026, recollendo nas súas cláusulas que o concello, en caso de precisar dunha prórroga debería solicitala antes do 31 de agosto de 2026.

ANTECEDENTES

- No trámite correspondente ao financiamento por parte da Deputación das obras da “ACONDICIONAMENTO DA SENDA DO XALLAS", asinouse convenio 13/2026 en data 2 de febreiro de 2026, establecendo unha vixencia do dito convenio ata 31 de outubro de 2026, e unha data límite para solicitar prórroga do 31 de agosto de 2026

- A cláusula XIII do convenio 13/2026 establece que:

"2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá

*solicitar **antes do 30 de agosto de 2026**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2027**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data*."

- En data 27 de agosto de 2026, é dicir, dentro do prazo establecido no convenio, a entidade achega ao expediente solicitude de prórroga e informe técnico detallado na que especifica que:

O concello solicita a prórroga co obxectivo de garantir a completa execución das obras sen que posibles retrasos relacionados co subministro das pasarelas peonís ou incidencias meteorolóxicas poidan supoñer a necesidade dunha nova solicitude de ampliación do vixencia e xustificación do convenio interadministrativo.

. Á vista do mesmo o concello solicita a prórroga ata o 31 de maio de 2027.

2º Aprobar a prórroga do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE MAZARICOS con CIF P1504600F, para financiar as obras de "ACONDICIONAMENTO DA SENDA DO XALLAS" cun orzamento total de 368.749,18 €

3º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 294.999,34 €, cunha porcentaxe de financiamento do 80,0000 %

4º A nova data de vixencia do convenio quedará fixada no **31 de maio de 2027**
A nova data límite de xustificación do convenio quedará fixada no **31 de maio de 2027."**

21.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE VIMIANZO para o financiamento do proxecto "II FORO DE LIDERADO FEMININO NO RURAL, ALZA VOZ DE MULLER", no marco do Plan de Emprego Local, PEL, na anualidade 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 14 de agosto de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co CONCELLO DE VIMIANZO, CIF P1509300H para regular a achega de 32.000,00€ para cofinanciar o proxecto “Foro de Liderazgo Femenino no Rural, ALZA VOZ DE MULLER", cun orzamento subvencionado de 40.000,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 80,00%.

4. Imputar o gasto a aplicación orzamentaria 0520/24100/46201, do vixente orzamento xeral.

5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2026 tendo en conta que a vixencia do convenio se estende ata o 31 de decembro de 2026.

6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución

Número /2026

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “II FORO DE LIDERAZGO FEMININO NO RURAL, ALZA VOZ DE MULLER”, NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL, PEL, NA ANUALIDADE 2026

Na Coruña, na sede dá Deputación Provincial da Coruña.

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral dá Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

Dunha parte,_____, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte _____, en representación do CONCELLO DE VIMIANZO

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial dá a Coruña e o CONCELLO DE VIMIANZO consideran de grande interese para a provincia, promover e visibilizar o emprendemento feminino no medio rural, como un factor esencial para o desenvolvemento económico e social destas áreas, xa quen no só permiten a diversificación dás economías locais, senón que é unha ferramenta imprescindible para combater a despoación e crear emprego sostible.

Que dado o interese coincidente dá Deputación dá a Coruña e do CONCELLO DE VIMIANZO, no marco dos seus fins e competencias, ambas as as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE VIMIANZO, CIF P1509300H, para o financiamento do proxecto “FORO DE LIDERADO FEMININO NO RURAL, ALZA VOZ DE MULLER”

O proxecto pretende apoiar e impulsar as iniciativas emprendedoras no ámbito rural e está dirixido a abordar a vulnerabilidade específica dás áreas rurais mediante a promoción dun crecemento sostible, á contribución de fixación de poboación, á dinamización económica e á calidade de vida dá poboación.

O obxectivo principal do proxecto, consiste en crear un espazo de encontro onde promover unha conversa transformadora e profunda que permita reflexionar e analizar dende unha mirada crítica e de xénero, opapel dá muller no mundo do emprego e do emprendemento, así como crear unha rede provincial que potencie e aproveite o talento emprendedor feminino.

Entre os seus obxectivos específicos, están: visibilizar o emprendemento feminino, xerar

**RPT-6654235

redes de apoio, reflexionar sobre a socialización de xénero e o seu impacto, así como empoderar ás abrandases no rural.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DÁ ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A entidade beneficiaria levará a cabo as actividades programadas, segundo defínense na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
1. Dirección estratéxica, creativa e produción • Dirección estratéxica e conceptual • Deseño de programa e contidos • Produción e coordinación operativa • Estratexia de comunicación e contidos • Creación de materiais • Deseño e experiencia do espazo • Coordinación e produción global e dirección e execución • Xestión landing, inscricións e acreditacións	**18.089,50€**
2. Xestión de relatoras, produción de contidos e recursos do evento • Contactos e coordinación coas poñentes • Honorarios de relatoras • Gastos de desprazamento, aloxamento e dietas • Xestión dá participación e atención ás relatoras	**11.910,50 €**
3. Produción técnica, comunicación e difusión • Produción técnica e son casa cultura e castelo/espazo exterior • Técnicos de son • Animación musical • Material imprenta: asistentes, soportes físicos, credenciais... • Foto -vídeo e difusión e comunicación feedback pos-evento	**10.000,00 €**
TOTAL	**40.000,00€**

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación dá a Coruña contribuirá ao financiamento dá actividade, tal como se define cláusula primeira, cunha achega máxima de 32.000,00€, o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00%, dá cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, da cantidade xustificada, resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica dá subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobranza dá mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que tense contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención dá Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co dá subvención provincial, non supere en ningún caso o
o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere ou importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE VIMIANZO o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dá actividade programada.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE VIMIANZO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización dás actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento dá Deputación Provincial da Coruña e utilizarase o logo oficial do Plan de Emprego Local e dá Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: www.emprego.dacoruna.gal

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE VIMIANZO.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

Rematada completamente a realización dá actividade, procederase ao abono dá achega provincial unha vez que se presente o conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Memoria dá actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE VIMIANZO, xustificativa do cumprimento dás condicións impostas neste convenio, coa indicación dás actividades realizadas e dous resultados obtidos e do número de persoas beneficiarias.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo vos conceptos que figuraban no orzamento dá solicitue, indicando, se é o caso, as desviación acaecidas e detallando a codificación contable que lles resultar aplicable. Nesta relación figurará a identificación dá persoa acredora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pago, se der o caso, vos posibles descontos fiscais.

3.- Certificación dá aprobación dás facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.- Acreditación do cumprimento dás obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.- Relación detallada de todos vos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dúas propios ingresos que xerea actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.

6.- Certificación dá conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Declaración responsable dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o esixido na cláusula QUINTA do convenio, achegando unha proba documental ao respecto.

VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DÁ ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de febreiro de 2026 e ata o 30 de xuño de 2026.**

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE VIMIANZO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo **DUN MES** contado a partir dá finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento dá Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE VIMIANZO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación dá subvención neste prazo excepcional implicará a perda dá subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto, tal e como se indica na cláusula DÉCIMO TERCEIRA. Aínda así, a presentación dá xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE VIMIANZO dá sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e nas Bases de Execución do Orzamento dá Deputación, poida corresponderlle.

VIII.- CUMPRIMENTO DÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE VIMIANZO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago dá subvención, no cumprimento dás obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento dás ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación das correspondentes certificados o ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente vos correspondentes certificados.

**RPT-6654235

3. A acreditación do cumprimento dás obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE VIMIANZO destinará vos fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control dá aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia dá data de pago e dá identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

X.- CONTROL FINANCEIRO DÁ DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes dá Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes dá Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE VIMIANZO poderá ser escollido pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento dá actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración .

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE VIMIANZO , queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, non seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha dás cláusulas previstas non presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día non que se realizou o pago ata o momento non que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, ou dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha dás infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación ou cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de atraso na realización dás actividades o atraso na presentación dá xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DÁ SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto non artigo 20.1 dá Lei 38/2003, Xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, vos datos dá subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE VIMIANZO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 dá Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorporar ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios dá Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 dá Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión dá subvención ao CONCELLO DE VIMIANZO será publicada no Boletín oficial da provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación dá Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para vos efectos de imputación dos gastos e abranguerá devindicar deasde o inicio dás actividades, sen que en ningún caso sexan subvencionables vos gastos devindicados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de decembro de 2026**.

2. Previa solicitude do CONCELLO DE VIMIANZO, realizada alomenos dous meses antes dá data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos infórmesvos preceptivos dá Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e contratación, dá Secretaría e dá Intervención dá Deputación.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos vos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación dás súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector

público.

2. Para o seguimento coordinado dá execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha dás institucións nomeados polo Presidente dá Deputación e polo CONCELLO DE VIMIANZO respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos dá xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, ou coñecemento dás cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno corporativo o día ___ de _____ de ____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

22.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE INSTALADORES DE FONTANERÍA, GAS, CALEFACCIÓN E CLIMATIZACIÓN E AFÍNS DA PROVINCIA DA CORUÑA, para financiar o proxecto "CAMPAÑA CIDADÁ PROVINCIAL SOBRE SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS", anualidade 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 3 de setembro de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

2. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3. Aprobar a concesión da subvención nominativa por importe de 44.320,00 € á Asociación Empresarial de Instaladores de Fontanería, Gas, Calefacción y Climatización y Afines de A Coruña (G15032600), para financiar a actividade "Campaña cidadá

provincial sobre seguridade nas instalacións“

4. Imputar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481 do vixente orzamento xeral.

5. Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

6. Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar á interesada.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE INSTALADORES DE FONTANERÍA, GAS, CALEFACCIÓN E CLIMATIZACIÓN E AFÍNS DA PROVINCIA DA CORUÑA, PARA FINANCIAR O PROXECTO “CAMPAÑA CIDADÁ PROVINCIAL SOBRE SEGURIDADE NAS INSTALACIÓNS”, ANUALIDADE 2026.

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante

REUNIDOS

D. ....., en representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña,
D. ....., en representación da Asociación Empresarial de Instaladores de Fontanería, Gas, Calefacción e Climatización e Afíns da provincia da Coruña

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Asociación Empresarial de Instaladores de Fontanería, Gas, Calefacción e Climatización e Afíns da provincia da Coruña, consideran de grande interese para a provincia informar e difundir a importancia da seguridade nas instalacións non só para a protección e saúde das persoas, senón tamén en comercios e empresas, e tamén de cara á transición enerxética, xa que unhas medidas de seguridade axeitadas, contribúen a garantir que o cambio cara tecnoloxías mais limpas se realice de forma fiable e duradeira.

Que ambas as dúas entidades apostan por iniciativas para a mellora da seguridade e saúde das persoas, a prevención de riscos laborais nas empresas e na industria, a sustentabilidade das instalacións públicas e privadas, o aforro e a eficiencia enerxética e o avance cara unha transición xusta na provincia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación Asociación Empresarial de Instaladores de Fontanería, Gas, Calefacción e Climatización e Afíns da provincia da Coruña, no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación Asociación Empresarial de Instaladores de Fontanería, Gas, Calefacción e Climatización e Afíns da provincia da Coruña (G15032600), en adiante AGASCA, para o financiamento do proxecto **"Campaña cidadá provincial sobre seguridade nas instalacións"**, que consiste en informar e difundir a importancia da seguridade nas instalacións non só para a protección e saúde das persoas, senón tamén en comercios e empresas, e de cara á transición enerxética, xa que unhas medidas de seguridade axeitadas, contribúen a garantir que o cambio cara tecnoloxías máis limpas se realice de forma fiable e duradeira.

Entre outras cuestións, a campaña ten como obxectivos:

- Incidir na importancia que ten a realización dun mantemento preventivo de cara á detección de fallos en caldeiras ou sistemas eléctricos, non só para previr accidentes, senón tamén para manter o rendemento enerxético optimizado, ao evitar fugas ou combustións incompletas que malgasten enerxía e aumenten as emisións.
- Contribuír a incrementar a confianza da cidadanía nas novas tecnoloxías en materia enerxética, tendo en conta que a transición enerxética implica introducir equipos complexos nos fogares, como a aerotermia, paneis solares ou puntos de recarga para vehículos eléctricos. Deste xeito, a campaña axudará a eliminación de medos relacionados co uso destas novas enerxías e a reducir a resistencia ao cambio por parte das persoas e empresas consumidoras e usuarias.
- Fomentar a profesionalización do sector e a importancia do uso de instaladores autorizados, evitando o intrusismo e con iso, reducindo o risco de instalacións deficientes ou perigosas.
- Dar a coñecer as obrigas legais derivadas do RITE en materia de seguridade e eficiencia enerxética, en liña cos obxectivos climáticos, e poñer en valor a importancia do seu cumprimento para consumidores e usuarios en termos de aforro, protección, seguridade e saúde.
- Contribuír á identificación de necesidades de rehabilitación e mellora de edificios con instalacións obsoletas, de cara a incrementar a seguridade e avanzar cara a transición enerxética, xa que este primeiro diagnóstico pode supoñer un primeiro paso para o acceso a subvencións de transición enerxética destinados a substituír equipos antigos por sistemas de enerxía renovable, moito máis eficientes, seguros e sostibles.

**RPT-6654235

En resumo, o proxecto artéllase arredor de catro piares fundamentais:

1.- Prevención de accidentes graves: esta campaña busca identificar riscos potenciais (cables desgastados, conexións defectuosas ou fugas de gas) que poderían derivar en incendios ou explosións.

2.- Saúde Pública: para garantir que as instalacións en vivendas e locais de pública concorrencia cumpran coa normativa reduce a exposición da poboación a riscos evitables.

3.- Eficiencia Enerxética e Sustentabilidade: xa que unha instalación en bo estado asegura un uso máis racional da enerxía, reduce custos económicos para os usuarios e prolonga a vida útil dos equipos.

4.- Cumprimento Normativo: xa que é un deber da Administración, velar polo cumprimento dos regulamentos técnicos para evitar que tanto o sector público coma o privado, contrate ou conviva con instalacións e/ou profesionais fóra da legalidade.

II.- ORZAMENTO

AGASCA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
GASTOS DE PERSOAL	**12.000,00€**
• **Soldos e salarios**	
Persoal auxiliar (1 auxiliar administrativo/a) (12 meses)	9.000,00€
• **Seguridade social**	
Persoal auxiliar (1 auxiliar administrativo/a) (12 meses)	3.000,00€
CONTRATACIÓNS EXTERNAS	**32.800,00€**
• **Xornadas para cidadanía (26 xornadas x 2,5 horas. Total 65 horas)**	
Dirección e xestión (1 enxeñeiro/a superior industrial. 200 horas x 60€/hora)	12.000,00€
Material didáctico	7.280,00€
26 xornadas en 22 concellos da provincia (26 xornadas x 480,00€/xornada)	12.480,00€
Desprazamentos relatores/as	1.040,00€
COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN	**10.600,00€**
• **Prensa, radio, medios dixitais e redes sociais**	
Prensa	3.240,00€
Radio (cuñas e programa radiofónico)	6.000,00€
Medios dixitais e RRSS	1.360,00€
TOTAL	**55.400,00€**

**RPT-6654235

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula PRIMEIRA, cunha achega máxima de 44.320,00 € o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do orzamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/92052/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a AGASCA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, AGASCA deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logotipo da Deputación da Coruña, dispoñible na páxina web:
https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o

cumprimento destas obrigas da entidade beneficiaria.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao abono da achega provincial concedida, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

1.- Memoria da actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación do proxecto realizado e dos resultados obtidos e do número de persoas beneficiarias.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acredora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e o efectivamente pagado de ser o caso, os posibles descontos fiscais.

3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

4.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social segundo o previsto na cláusula OITAVA.

5.- Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveros outros ingresos para a mesma finalidade.

6.- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

7.- Declaración responsable dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, segundo o esixido na cláusula QUINTA do convenio, achegando unha proba documental ao respecto.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS ACTIVIDADES E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas alomenos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, AGASCA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a AGASCA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de

**RPT-6654235

xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación AGASCA na documentación achegada.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. AGASCA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. AGASCA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, AGASCA deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Asociación AGASCA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, AGASCA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a

cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia á interesada.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación de AGASCA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereito dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención a AGASCA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2027**.

2. Previa solicitude de AGASCA, realizada alomenos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e o da Asociación AGASCA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno corporativo o día ___ de _____ de _____

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Asdo:

Por AGASCA

Asdo:”

23.- Modificación do Acordo plenario número 33 de data 31 de xullo de 2026 polo que se aproba Proxecto Mellora capa de rodadura con mezcla bitumiosa en quente DP 3403 da AC-552 a Vilarmide por Senande Punto quilométrico 0+000 ao 3+700 (Dumbría e Muxía).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Modificar o Acordo plenario número 33 de data 31 de xullo de 2026 ao producirse un erro material, no seguinte senso:

ONDE DI:

APROBAR o Proxecto Mellora capa de rodadura con mezcla bitumiosa en quente DP 3403 da AC-552 a Vilarmide por Senande PQ. 0+000 ao 3+700 (Dumbria e Muxía) e consideralo incluído no orzamento Provincial de 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Denominación: Reforzo de firme na DP 6121 Mera a Cariño . Punto quilométrico 5+ 370 ao 8+400 (Cariño))

DEBE DICIR:

APROBAR o Proxecto Mellora capa de rodadura con mezcla bitumiosa en quente DP 3403 da AC-552 a Vilarmide por Senande PQ. 0+000 ao 3+700 (Dumbria e Muxía) e consideralo incluído no orzamento Provincial de 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Denominación: Proxecto Mellora capa de rodadura con mezcla bitumiosa en quente DP 3403 da AC-552 a Vilarmide por Senande PQ. 0+000 ao 3+700 (Dumbría e Muxía)

En consecuencia o texto definitivo do acordo plenario é o que segue:

APROBAR o Proxecto Mellora capa de rodadura con mezcla bitumiosa en quente DP 3403 da AC-552 a Vilarmide por Senande PQ. 0+000 ao 3+700 (Dumbria e Muxía) e consideralo incluído no orzamento Provincial de 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4531/61900 que se detalla:

Denominación: Proxecto Mellora capa de rodadura con mezcla bitumiosa en quente DP 3403 da AC-552 a Vilarmide por Senande PQ. 0+000 ao 3+700 (Dumbría e Muxía)

Código: 2026.1100.0044.0

Orzamento: 492.627,64 €

Prazo de execución: 5 meses"

24.- Aprobación do proxecto de obra Senda Peonil en Oza, na DP 1902 Carballo a Razo, pq 3+000 e pq 5+000 (Carballo).

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar o proxecto Senda peonil en Oza na DP 1902 Carballo a Razo, Punto quilométrico 3+000 e Punto quilométrico 5+000 (Carballo) e consideralo incluído no orzamento provincial do 2026 con cargo á aplicación que se detalla:

Aplicación Orzamentaria _ 0410/4535/60900

Código_ 2026.1170.0003.0

Denominación _ Senda peonil en Oza na DP 1902 Carballo a Razo, Punto quilométrico 3+000 e Punto quilométrico 5+000

Concello_ CARBALLO

Orzamento_ 440.724,62 €

Prazo _ 5 meses"

25.- Aprobación técnica do proxecto da obra "Ampliación e mellora da seguridade viaria na estrada DP 5002 da Pila da Leña a Lagares - Fase I. Punto quilométrico 3+600 a 6+100 (Monfero)".

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Tomar coñecemento do proxecto de Ampliación e mellora da seguridade viaria na estrada DP 5002 da Pila da Leña a Lagares- Fase I. Punto quilométrico 3+600 a 6+100 (Monfero) cun orzamento de 1.062.870,84 € ao que engadindo o orzamento estimado para expropiacións (17.420,22 €) obtense un orzamento para coñecemento da Administración 1.080.291,06 €.

SEGUNDO: Ordenar a solicitude das autorizacións sectoriais preceptivas, se é o caso, e incluirlas nun Anexo de Afeccions Sectoriais no mencionado proxecto.

TERCEIRO: Trasladar o proxecto á Sección de Patrimonio do Servizo de Patrimonio e Contratación para os efectos de obter toda a información necesaria para conformar o Anexo de expropiacións, coa relación de bens e dereitos necesarios para a execución da obra segundo o proxecto redactado.

CUARTO: Facultar ao Presidente da Deputación para que, por si mesmo ou a través dos servizos e órganos competentes, leve a cabo tódolos actos de execución que se precisen para o total cumprimento do presente acordo."

**RPT-6654235

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control. Mocións.

Hai unha moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG sobre o canon da auga.

Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG sobre o canon da auga

O canon da auga, regulado pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e o canon da xestión das depuradoras, regulado pola Lei 1/2022, de 12 de xullo, da mellora da xestión do ciclo integral da auga, son tributos propios da Xunta de Galicia de carácter finalista, creados co obxectivo de financiar infraestruturas hidráulicas, mellorar a calidade das masas de auga e garantir unha xestión sostible do ciclo integral da auga.

Estes tributos son recadados a través dos concellos, que actúan como entidades colaboradoras na súa cobranza, asumindo unha función que, na práctica, os converte en intermediarios ante a cidadanía. Porén, unha vez transferidos os fondos á administración autonómica, non existe un mecanismo obxectivo, transparente e proporcional que garanta que os recursos retornan aos territorios nos que se xeran.

A natureza finalista destes canons debería implicar un principio básico de xustiza territorial e corresponsabilidade, asegurando que os concellos nos que se realiza a recadación reciban investimentos proporcionais, ao tempo que se atenden criterios de solidariedade e equilibrio territorial. Non obstante, a realidade evidencia que non existe un modelo público, regulado e transparente de distribución dos fondos, xerando unha percepción crecente de agravio comparativo entre concellos.

A esta necesidade de garantir un reparto máis xusto e transparente dos recursos súmase a crecente presión que está a exercer o cambio climático sobre os sistemas de abastecemento de auga de Galicia.
Durante o pasado verán, numerosos concellos da provincia da Coruña sufriron episodios de escaseza hídrica derivados da diminución das precipitacións, da redución dos caudais dispoñibles e do incremento da demanda asociada ás altas temperaturas e ao aumento estacional da poboación. Esta situación obrigou a distintos municipios a adoptar medidas de restrición ou limitación do consumo de auga potable, afectando tanto aos servizos municipais como á actividade económica e á vida cotiá da veciñanza.

Estes episodios evidencian a vulnerabilidade de moitos sistemas locais de abastecemento e a necesidade urxente de reforzar os investimentos en captación, almacenamento, potabilización, renovación de redes e mellora da eficiencia hídrica. Nun contexto de emerxencia climática, os recursos obtidos a través do canon da auga deben contribuír tamén a incrementar a resiliencia dos concellos fronte ás secas cada vez máis frecuentes e intensas, garantindo a seguridade hídrica da poboación e a sustentabilidade do abastecemento a medio e longo prazo.

Resulta, polo tanto, especialmente importante que os municipios que realizan un esforzo recadatorio significativo poidan beneficiarse de retornos proporcionais que lles permitan afrontar os investimentos necesarios para adaptar as súas infraestruturas hidráulicas aos efectos do cambio climático e dar resposta aos desafíos que este fenómeno xa está a provocar sobre o territorio.

Existen municipios que, a pesar de realizar unha elevada achega recadadora, non teñen recibido investimentos significativos con cargo a estes canons nos últimos anos, mentres que outros territorios contan cunha presenza reiterada de convenios e actuacións financiadas pola Xunta. Esta situación, unida á práctica habitual de sinatura de convenios bilaterais con determinados concellos, reforza a percepción dun uso discrecional e partidista dos fondos.

Dende os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG entendemos que un tributo finalista non pode converterse nun instrumento de desequilibrio territorial nin nun mecanismo de afinidade política. A distribución dos recursos debe responder a criterios públicos, obxectivos, verificables e equitativos.

Por iso defendemos un modelo de reparto baseado en tres principios: retorno territorial, principio de solidariedade e financiamento do sistema.

Por todo o anteriormente exposto, os grupos asinantes desta moción propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a establecer un sistema público, regulado e transparente de distribución do canon da auga, baseado en criterios obxectivos e verificables.

2. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a garantir que, como mínimo, o 50 % da recadación obtida en cada concello reverta en investimentos no propio municipio onde se xera. Destinar un 30 % dos fondos a un mecanismo de solidariedade territorial, orientado prioritariamente a concellos con maiores necesidades en infraestruturas, dispersión poboacional ou limitacións orzamentarias. E reservar como máximo o 20 % da recadación para os custos de xestión, mantemento e funcionamento do sistema autonómico.

3. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a publicar anualmente un informe detallado e desagregado por concellos que inclúa:

- Cantidade recadada en cada municipio.
- Investimentos executados con cargo aos canons.
- Convenios asinados e importes asociados.
- Criterios técnicos utilizados para a asignación de fondos.

4. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a garantir que a asignación de recursos non estea condicionada por criterios partidistas nin por afinidades políticas, senón exclusivamente por parámetros técnicos, ambientais e de necesidade obxectiva.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Vou dar lectura á exposición de motivos para os que nos escoitan a través de *streaming* e non poden ver a moción.

O canon da auga é regulado pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, e o canon da xestión das depuradoras, regulado pola Lei 1/2002, do 12 de xullo, da mellora da xestión do ciclo integral da auga, son tributos propios da Xunta de Galicia de carácter finalista, creados co obxectivo de financiar infraestruturas hidráulicas, mellorar a calidade das masas de auga e garantir unha xestión sustentable do ciclo integral da auga.

Estes tributos son recadados a través dos concellos, que actúan como entidades colaboradoras na súa cobranza, asumindo unha función que na práctica os converten en intermediarios ante a cidadanía. Porén, unha vez transferidos os fondos da Administración autonómica, non existe un mecanismo obxectivo, transparente e proporcional que garanta que os recursos retornan aos territorios que os xeran. A natureza finalista destes canons debería implicar un principio básico de xustiza territorial e corresponsabilidade, asegurando que os concellos nos que se realiza a recadación reciban investimentos proporcionais, ao tempo que se atenden criterios de solidariedade e equilibrio territorial.

Non obstante, a realidade evidencia que non existe un modelo público regulado e transparente de distribución dos fondos, xerando unha percepción crecente de agravio comparativo entre os concellos. A esta necesidade de garantir un reparto máis xusto e transparente dos recursos súmase a crecente presión que está a exercer o cambio climático sobre os sistemas de abastecemento de auga en Galicia.

Durante o pasado verán, numerosos concellos da provincia da Coruña sufriron episodios de escaseza hídrica derivados da diminución das precipitacións, da redución dos caudais dispoñibles e do incremento da demanda asociada ás altas temperaturas e ao aumento estacional da poboación. Esta situación obrigou en distintos municipios a adoptar medidas de restrición ou limitación do consumo de auga potable, afectando tanto aos servizos municipais como á actividade económica e á vida cotiá da veciñanza.

Estes episodios evidencian a vulnerabilidade de moitos sistemas locais de abastecemento e a necesidade urxente de reforzar os investimentos en captación, almacenamento, potabilización, renovación das redes e mellora da eficiencia hídrica.

No contexto de emerxencia climática, os recursos obtidos a través do canon da auga deben contribuír tamén a incrementar a resiliencia dos concellos fronte a secas cada vez máis frecuentes e intensas, garantindo a seguridade hídrica da poboación e a sustentabilidade no abastecemento ao longo e medio prazo.

Resulta, polo tanto, é especialmente importante que os municipios que realizan un esforzo recadatorio significativo poidan beneficiarse dos retornos proporcionais que lles permitan afrontar os investimentos necesarios para adaptar as súas infraestruturas hidráulicas aos efectos do cambio climático e dar resposta aos desafíos que este fenómeno xa está a provocar sobre o territorio.

Existen municipios que, a pesar de realizar un elevada achega recadadora, non

teñen recibido investimentos significativos con cargo a este canon nos últimos anos, mentres que outros territorios contan cunha presenza reiterada de convenios e actuacións financiadas pola Xunta. Esta situación, unida á práctica habitual de sinatura de convenios bilaterais con determinados concellos, reforza a percepción dun uso discrecional e partidista dos fondos.

Dende os grupos provinciais do PSdG-PSOE e do BNG entendemos que un tributo finalista non pode converterse nun instrumento de desequilibrio territorial nin nun mecanismo de afinidade política. A distribución dos recursos debe responder a criterios públicos, obxectivos, verificables e equitativos. Por iso defendemos un modelo de reparto baseado en tres principios: retorno territorial, principio de solidariedade e financiamento do sistema. Por todo o anteriormente exposto, os grupos asinantes da moción, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. O Pleno da Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a establecer un sistema público, regulado e transparente de distribución do canon da auga baseado en criterios obxectivos e verificables.

2. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia a garantir que, como mínimo, o 50% da recadación obtida en cada concello reverta en investimentos no propio municipio onde se xera, destinar un 30% dos fondos a un mecanismo de solidariedade territorial, orientando prioritariamente a concellos con maiores necesidades en infraestruturas, dispersión poboacional ou limitacións orzamentarias, e reservar como máximo o 20% da recadación para os custos de xestión, mantemento e funcionamento do sistema autonómico.

3. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia a publicar anualmente un informe detallado e desagregado por concellos que inclúa a cantidade recadada en cada municipio, investimentos executados con cargo aos canons, convenios asinados e importes asociados, e criterios técnicos utilizados para a asignación de fondos.

4. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta a Xunta de Galicia a garantir que a asignación dos recursos non estea condicionada por criterios partidistas nin por afinidades políticas, senón exclusivamente por parámetros técnicos, ambientais e de necesidade obxectiva.

Ben, esta é unha cuestión da que temos falado xa en moitas ocasións e que penso que, independentemente da cor política que representemos todos e todas os que estamos aquí sentados, deberiamos de respaldar unha petición que o único que formula é que neste caso a Administración recadadora deses recursos, aínda que realmente a recadadora é o Concello, pero si é a que en última instancia os vai xestionar, faga un reparto xusto destes.

Que diriamos se, o Estado, por exemplo, ao recadado na Comunidade Autónoma de Galicia a través dos impostos dos galegos e as galegas nos últimos 12 anos se investiran o 100% en Aragón, e Galicia non percibise nin un só céntimo dos recursos que se recadan a través do pago de impostos por parte dos galegos e as galegas? Pois estariamos seguramente manifestándonos e poñendo o grito no ceo, o cal é lóxico, porque non sería para nada xusto.

Pois esa é a situación á que estamos sometidos moitos concellos de Galicia por parte de

Augas de Galicia. Moitos deles levan 12 anos sen percibir nin un só céntimo a pesar dos recursos recadados por Augas de Galicia por ese concepto. Estamos, polo tanto, ante un dobre caso. Primeiro, de escapismo tributario, porque é a Xunta de Galicia a que impón ese imposto pero nos obriga a recadalo aos concellos. Polo tanto, a Xunta de Galicia non aparece en ningún sitio como recadadora dun imposto que pagan os cidadáns e si o facemos os concellos, que somos os que a través das empresas ás que temos delegado os servizos de auga municipal ou aqueles que o xestionan directamente cos recursos propios, neses recibos en moitos casos non aparece que é a Xunta de Galicia quen o recada, simplemente pon “canon da auga”, loxicamente xogando coa falta de información que poida ter a cidadanía. E, segundo, pois estariamos ante un caso de escurantismo investidor, tendo en conta que os millóns de euros que se recadan por Augas de Galicia por ese concepto non sabemos como se reparten nin a quen se reparten, máis alá de que teñamos que facer un traballo nos medios de comunicación de cando se poida anunciar algún deses investimentos, e non sabemos tampouco cal é o criterio.

Nós non estamos en contra de que haxa un criterio de reparto solidario territorial. O que estamos formulando é que parte deses recursos revertan no mesmo concello onde se recadan, algo que, repito, poñendo o exemplo da autonomía, penso que todos e todas o entendemos, e que despois o 50% restante si que se utilice para ese fondo de solidariedade territorial e, loxicamente, outra porcentaxe, que aí terían que, loxicamente, cuantificala para os gastos de xestión deses fondos.

Por tanto, non hai ningunha desculpa, non hai ningún motivo para non respaldar esta moción e para acabar co que, ao noso parecer, é unha auténtica inxustiza que está a acometer Augas de Galicia, e máis agora nunha situación na que, como consecuencia do cambio climático, empezamos a ter problemas nunha terra na que ata o de agora non tiñamos, e seguramente o que nos falte pode ser tamén concienciación cidadá en canto ao uso da auga. Pero, loxicamente, moitas das infraestruturas que temos na actualidade van quedar e están quedando, como se puido poñer de manifesto ao longo deste verán, obsoletas porque non teñen capacidade suficiente para garantir un servizo básico, que é do que estamos a falar e non podemos esquecer, como o de abastecemento de auga potable, pero tamén neste caso estaría dentro desas obras hidráulicas aquilo que ten que ver cos saneamentos. Augas de Galicia é moi dilixente con algúns á hora de facer inspeccións de vertidos, pero non é tanto para garantir con recursos que saen deses propios concellos que poidan asumir as obras necesarias para rematar con eses vertidos, co cal aínda leva por riba a unha sanción. É dicir, nin comemos nin deixamos comer. Primeiramente sancionamos porque vostede verte, recadamos recursos a través dos seus impostos, dos seus cidadáns para supostamente financiar obras hidráulicas, pero eses recursos non acaban no seu concello, van acabar noutros e case sempre todos e todas eles, nunha porcentaxe que supera o 80%, son da cor política do mesmo partido que xestiona a Xunta de Galicia, algo que é totalmente inxusto, por non dicir outra palabra, e ademais típico ou propio doutro tipo de sistemas de goberno. Polo tanto, esperamos poder contar co respaldo de todas e todos os presentes nesta Corporación Provincial. Nada máis polo de agora e moitas grazas.

Sra. Veira González

Grazas, presidente. Cada vez que unha veciña ou un veciño desta provincia paga o recibo da auga, paga tamén dous tributos da Xunta: o canon da auga e tamén o canon de xestión das depuradoras; cóbranos os concellos, que son os que poñen a cara, e, a partir de aí,

silencio. Ninguén sabe canto se recada en cada concello, canto volve nin con que criterio se decide. Falamos de tributos finalistas, xa se dixo aquí, creados para financiar infraestruturas hidráulicas. Se o diñeiro ten unha finalidade, a xente ten dereito a saber onde se inviste. Os concellos non poden ser cobradores da Xunta sen saber onde vai o diñeiro dos seus veciños e veciñas. O que temos hoxe é un modelo de convenios bilaterais asinados con quen a Xunta quere e cando a Xunta quere. Hai concellos que achegan moito e non reciben nada e outros que encadean convenio tras convenio, e isto ten un nome, chámase discrecionalidade, e a auga non entende de siglas; polo tanto, o reparto tampouco debería de entender de siglas. E para o BNG o canon da auga non é unha caixa na que a Xunta administra ao seu antollo. É un instrumento ou debera ser un instrumento para garantir auga de calidade en todo o país, empezando por onde máis falta fai. Por iso nesta defensa desta moción imos defender tres cuestións fundamentais:

A primeira, transparencia. Precísase un informe anual, concello por concello e a actuación por actuación, que diga canto se recada, canto se inviste, que convenios se asinan e con que criterios. Se o reparto é xusto, que o publiquen.

A segunda, planificación. Un concello non pode renovar unha rede nin ampliar un depósito sen saber con que fondos vai contar dentro de tres ou catro anos, porque son obras moi importantes e que non levan precisamente pouco tempo. Queremos un plan plurianual público acordado entre a Xunta, as deputacións e os concellos, coas prioridades marcadas pola necesidade real e polo impacto ambiental, non pola afinidade política.

E a terceira é a xustiza territorial. Precísase un retorno mínimo garantido para que ningún concello quede a cero, e un fondo de solidariedade para concellos pequenos, dispersos e con menos recursos. E nese rural hai que falar das traídas veciñais, que abastecen milleiros de casas e que merecen o apoio técnico e financeiro específico. A traída veciñal non é un problema que hai que eliminar, é unha solución comunal que hai que apoiar.

Nada disto é teoría, no pasado verán concellos desta provincia tiveron que restrinxir o consumo da auga. As secas van ser máis frecuentes e máis intensas e as nosas redes non están preparadas. Cómpre investir xa en captación, almacenamento, potabilización e renovación das redes. Os concellos necesitan saber con que contan, non agardar a que a Xunta os chame.

Remato xa. O que hoxe se vota é moi sinxelo: regras claras, contas públicas e respecto aos concellos. Quen non ten nada que agochar non debería ter problema en apoialo. Moitas grazas.

Sr. García Seoane

Ben, a auga potable de subministración nos concellos non pode ser un negocio privado nin pode ter beneficios. Están moi claran as leis deste país, que din que os servizos teñen que pagarse na súa totalidade. Nunca é posible iso e menos nos concellos, pero tampouco está permitido facer negocio cos servizos; quero dicir, se custa 100, hai que recadar 100; e, se recadan 200, eses 100 hai que volvelos investir nas melloras das redes que existen nos municipios.

Oleiros é un dos concellos que máis está a pagar á Xunta de Galicia, non por nada. Estamos..., o ano pasado foron 760.000 euros, que manda truco!, ou, como di o outro,

manda carallo!, que é máis galego. Esa é a situación que temos. Pero, coidado, a Xunta fai caso omiso aos concellos de Oleiros, Sada, Cambre e Bergondo. Tivemos reunións coa Xunta de Galicia e tamén con Augas, aos que nos subministran, no caso da comarca, con Augas da Coruña, con Emalcsa. E falouse xa hai moitos anos, a última reunión debeu de ser hai catro anos, porque acostuma habelas cando hai eleccións. Falouse de crear unha infraestrutura para subministrar a auga, para garantir a auga a estes concellos. En concreto a Cambre, que está aquí a alcaldesa ao meu lado, que hai zonas de Cambre que teñen serios problemas en caso de que unha tubaxe se rompa, porque non ten depósitos de auga, creo que ten un, se non recordo mal. Nós temos 11, non temos ese problema, pero está o tema de Sada, que ten tamén un depósito lindando con Oleiros, e cando se corta a subministración que vén desde Bergondo, que tamén subministra a Oleiros desde Bergondo, do depósito de Bergondo, pois nos encontramos con que Sada e en concreto Cambre van ter un problema gordísimo. Como se houbera, se houbera unha seca, iamos velo realmente.

Entón, que sucede? Nós fomos a esas reunións, todo boas palabras, tanto por parte do Concello da Coruña como por parte da Xunta, ata hoxe, ata hoxe. E seguimos pagando millóns, neste caso Oleiros xa leva pagado millóns de euros desde aquela época ao día de hoxe, sen un duro de reversión. O único investimento que está facendo é cartos de Oleiros e tamén o POS provincial. Estamos renovando a rede, levamos sete millóns en dous anos de renovación da rede municipal, sete millóns de euros en dous anos. Están previstos levar adiante con fondos, xa digo, propios e unha parte pequena do Plan provincial. Por tanto, non procede... a Xunta ten unha culpabilidade, e quere ignorar, di que ela non ten nada que ver. Como non vai ter que ver? Para que colle os cartos do tema da auga e para que colle os cartos do tema do saneamento, se non é para reverter nos concellos e mellorar as infraestruturas?, o que se di na moción. Pero hai outra, aquí hai outro grupo que está aí, que é o Concello da Coruña, o Concello da Coruña non pode vender a auga e chamarse Andrés. O Concello da Coruña vende a auga e ten negocio na auga. Se non recordo mal, a última vez, no último exercicio, cerca de tres millóns de euros. Claro, que pasa con eses cartos? Estanse mandando a cultura, a non sei que, a subvencións. Iso non pode ser, iso non pode ser. Ese diñeiro non pode ir para cultura, nin subvencións, nin nada; ten que poñerse na mellora do servizo. Nós acabamos de facer unha obra no Concello de Cambre, tivemos que atravesar toda a costa da Tapia, ata o Concello de Culleredo, ata O Burgo, para conectar a rede de augas, renovar a rede de augas que viña desde a ponte do Burgo. Nós non temos que andar cruzando concellos, ten que ser Emalcsa quen nos leve a nós a auga alí directamente ata o concello de Oleiros para nós despois distribuíla dentro do concello de Oleiros. Pero está habendo cousas moi graves, e A Coruña está ignorando esta situación tamén. Por tanto, aquí cada pau que aguante a súa vela. E haberá que, no futuro se segue esa política, haberá que denunciar esas políticas nos tribunais, porque a auga non é un negocio, a auga é un servizo público, e non é un negocio de ninguén, e menos investir os cartos que se xeran coa auga en festas, folclore, festivais, en cultura, deportes... Non, iso outra parte do orzamento é o que ten que cubrilo. Por tanto, insisto, aquí para min no tema do canon, estou totalmente de acordo co que se di por parte da moción presentada polo PSOE e BNG, pero tamén o que xa manifestei, que quede claro que hai moitos culpables e que teñen que emendarse moitas planas. Nada máis.

Sr. Amado de la Fuente

Buenos días a todas las personas presentes y a las que nos siguen por *streaming*.

Después de leer la moción y escucharles, resulta difícil dirimir si estamos ante un ejercicio de profundo desconocimiento técnico o ante un deliberado intento de distorsionar la realidad. La moción que hoy presentan no responde a una necesidad de gestión pública: se trata de una narrativa artificiosa en la que pretenden proyectar la falsa idea de que la Xunta recauda fondos para retenerlos injustificadamente, perjudicando a los vecinos, a los municipios.

Es un relato enfático, sin duda, pero carente del menor rigor técnico y legal. Hoy nos corresponde contraponer los hechos a la demagogia. Plantean ustedes un supuesto retorno territorial bajo la premisa errónea de que Aguas de Galicia funciona como una entidad de depósito donde cada municipio acumula un saldo individual. Ignoran, o prefieren ignorar, el principio jurídico y tributario del canon del agua. No estamos ante una tasa tarifaria por un servicio prestado, sino ante un tributo extrafiscal que grava el impacto ambiental del consumo, manteniendo además las tarifas más reducidas del conjunto del Estado. Su función no es la devolución directa en el punto de cobro, sino la conformación de un fondo común de carácter solidario para garantizar el saneamiento y la depuración de toda Galicia.

Resulta profundamente incoherente que formaciones que apelan sistemáticamente a la solidaridad territorial sostengan una postura que mina de manera directa la cohesión social. Si aplicáramos el criterio que proponen, reservar de forma fija un 50% de la recaudación para el municipio de origen, cercenaríamos la capacidad de inversión en los municipios de menor población e interior. Son precisamente estos ayuntamientos con menor capacidad financiera los que quedarían desprotegidos e imposibilitados para poder ejecutar infraestructuras hidráulicas esenciales. Esto no es una política de equidad ni de vertebración territorial. Frente a las acusaciones de insuficiencia inversora o arbitrariedad en la distribución de fondos, los datos contables son incontestables. En el último ejercicio, Aguas de Galicia recaudó 60,9 millones de euros e invirtió 144 millones de euros. La Administración autonómica no solo reinvierte la totalidad de lo recaudado, sino que multiplica por más de 2 la aportación económica directa a las infraestructuras municipales. Por cada euro ingresado mediante el canon, la Xunta moviliza 2 o 3 euros adicionales de recursos propios en beneficio del interés general.

Paradójicamente, la rigurosidad que nos exigen dista sustancialmente de la gestión de la Administración general del Estado. La Confederación Hidrográfica Miño-Sil ingresó 35,3 millones de euros y ejecutó solamente 24,8 millones, destinando apenas 20 céntimos por cada euro recaudado en inversión efectiva. Durante el año 2025, la Xunta de Galicia ejecutó prácticamente 5 veces más gasto de capital en materia hidráulica que el Gobierno central.

En cuanto a las afirmaciones sobre una supuesta distribución sectaria de los fondos, la realidad de las licitaciones desmiente tajantemente dicha hipótesis. Los 30 millones de euros asignados a Villagarcía, los 7 millones a Burela, los 15 millones a Foz o los 14 millones destinados a la depuradora de Cee-Corcubión corresponden a municipios de diverso signo político. Los criterios de adjudicación se basan exclusivamente en la prioridad técnica, ambiental y de servicio público, y no en la adscripción partidaria de las corporaciones locales.

Le instamos a abandonar el populismo tributario y el discurso de confrontación. Apelar a la justicia redistributiva mientras se promueven mecanismos que perjudican a los municipios

con menos recursos resulta contradictorio e irresponsable. Le exigimos rigor, responsabilidad institucional y el debido respeto a la verdad contable en la administración de los recursos públicos. Por todo ello, este grupo del Partido Popular votará no a la proposición. Muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que non deixan vostedes de sorprenderme. Hai que ter estómago, hai que ter estómago para defender isto da forma que vostede o defendeu. E ademais dicir unha cousa contraria con apenas 30 segundos de diferenza no mesmo texto. Di vostede que carente de rigor, que o que nós dicimos que é o canon non é para o que nós dicimos e acaba dicindo vostede que a conformación dun fondo común territorial solidario, que é o que dicimos nós. Pero, claro, despois xa pon a venda antes da ferida, porque a continuación o que vén dicindo é que, claro, se se achegara o 50%, habería concellos que loxicamente non teñen recursos e quedaría desprotexidos. E a pregunta que lle fago, vostede que está tan informado, fronte a nós, que parece ser que somos uns indocumentados, gustaríame que me dixera vostede cantos millóns de euros recibe a Xunta de Galicia de fondos europeos para obras hidráulicas, porque vostede vanagloriouse do que achega a Xunta de Galicia por enriba dese canon. Desa diferenza que hai, que son uns 70 millóns, paréceme aproximadamente, cantos achega a Unión Europea? Cantos achega a Xunta de Galicia con recursos propios? Se mo contesta, estaríalle moi agradecido.

Pero, mire, antes falaba o alcalde de Oleiros. En Oleiros levan vostedes recadado desde o ano 2012, desde 2012 ata 2024, é dicir, en 12 anos, 9.174.000 euros, e recibiron cero euros de investimentos por parte da Xunta de Galicia para infraestruturas hidráulicas, cero euros en 12 anos. O Concello de Boiro, en 12 anos recadou Augas de Galicia a través destes dous canons, 3.872.000 euros; nos últimos 8 non recibiu nin un céntimo de Augas de Galicia. O Concello das Pontes –está aquí o seu alcalde– en 12 anos recadou Augas de Galicia 2.353.280 euros e non recibiu nin un céntimo en investimentos en infraestruturas hidráulicas. Se quere, pódolle ler todo o rosario de concellos galegos, o que recadou Augas e como o reparte. E despois, claro, tira vostede do exemplo de catro sitios que seguramente sexan dos poucos que haxa, é raro que non dixeran Pontedeume, que antes sempre o sacaban, que é verdade que foi na lexislatura de 2015, pero, ben, igual aínda está a tempo de sacar ese dato. Pero sempre sacan os mesmos, por algo será. E a pregunta é: por que Augas de Galicia se nega, porque se negou no Parlamento ante preguntas do meu grupo, por exemplo, a dicirnos onde se investiu e en que porcentaxe se investiu. O único dato que deron foi este que lle acabo de dar do recadado dende o ano 2012 ao ano 2024, pero preguntóuselles tamén en que concellos investiran eses recursos, cantos cartos se investían en cada concello, en que porcentaxe se había achega municipal ou non había ou doutras administracións, e cal era o criterio. Aínda estamos esperando a que respondan, cal é o problema? En favor da transparencia, se está todo tan ben feito como di vostede, que digan cales son eses criterios, onde se inviste. Por que nos negan a información para saber que concellos reciben, canto reciben e como o reciben? Porque, claro, nalgúns deses que vostede citou é verdade que hai achega de Augas de Galicia, pero resulta que en moitos deles é a tres bandas. Ten que poñer cartos o Concello e ten que poñer cartos a Deputación, á que ás veces tamén involucran, como no caso do Concello de Ares recentemente, que é un deles. Gustaríame saber no resto de concellos, sobre todo os do Partido Popular, que achega hai do concello e se hai doutra administración, ou se financian eses convenios ao 100%. Tampouco temos esa información, non hai forma de coñecela.

Cando alguén agocha algo e non dá a información debida ou polo menos non permite o acceso a esta, é porque algo ten que esconder, porque, se non, cal é o problema? Pero se quere falamos tamén do control de vertidos que fai Augas de Galicia. Eu hai no meu concello uns sete meses que pedimos información para que me digan cantos controis de vertidos se realizaron no estuario do Eume entre o ano 2022 e 2024. Aínda estou esperando. E sabe por que o preguntei? Porque a min me fan controis de vertidos constantes e me sancionan. E hai algún concello que cando gobernaba o meu partido facíanlle os mesmos controis de vertidos de forma reiterada e cando cambiou de cor, precisamente para a mesma cor da Xunta de Galicia, non volveron por alí nunca máis a facer ningún control de vertido e, polo tanto, non se lles sanciona. Home, igual eu son desconfiado, pero calquera persoa minimamente razoable podería pensar que alguén utiliza os controis de vertidos de forma política para sancionar os concellos que non son da súa mesma cor, mentres que aos que son da súa cor non lles di absolutamente nada.

E despois, por riba, co que se recada nos concellos que son sancionados resulta que financia as obras hidráulicas deses concellos aos que non se lle sanciona. Non sei se esa información que pedín non se pode facer pública, non ma poden trasladar a min, como concello afectado, ou non a pode coñecer un cidadán. Pois sigo esperando, levo seis ou sete meses, e dáme a impresión de que seguirei esperando outros moitos máis.

Por iso digo que hai que ter estómago para defender un voto negativo a esta moción, porque que dirían vostedes se aplicamos o mesmo criterio nesta Deputación; seguramente non estaría vostede tan tranquilo nin utilizando os mesmos argumentos que acaba de utilizar. Por iso é verdade que me chama moito a atención a postura do seu grupo a ese respecto. Pódolle poñer máis exemplos. Aquí teño por exemplo o recadado a través do canon de Augas de Galicia pola Mancomunidade de Concellos de Ferrol, que agora pide axuda para solucionar os problemas que teñen de abastecemento de auga, incluso unha avaría dunha válvula que leva sete anos parece ser, segundo o presidente da mancomunidade, o alcalde de Ferrol, perdendo auga na Ponte das Pías, Sete anos. En sete anos non tiveron tempo de amañar unha fuga? Pois recadou Augas de Galicia en 12 anos 27 millóns de euros destes sete concellos da Mancomunidade de Ferrol, que son Ferrol, Narón, Neda, Valdoviño, Fene, Ares e Mugardos, 27 millóns de euros. Pero, como resumo da miña intervención, gustaríame, repito, e vou reiteralo, que me diga vostede cantos dos recursos que achega a Xunta de Galicia para estas obras, a maiores dos recadados a través destes dous canons, son ou se corresponden con fondos europeos e cantos recursos propios da Administración autonómica.

Polo de agora nada máis. Moitas grazas.

Sr. Amado de la Fuente

Si, simplemente tamén me gustaría facer unha pregunta: por que están vostedes falando desa crise climática que existe nos concellos pequenos, non están a favor do noso plan de dotar un POS ou unhas medidas especiais de apoio económicas aos concellos de menos de 20.000 e os maiores de 25.000 que teñen. Foi solicitado reiteradas veces polo noso portavoz e nunca tivemos unha contestación. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Voulle contestar ao estilo *Barrio Sésamo* para que o entendan. Xa verá vostede que fácil,

como nos imos entender vostede e mais eu. Mire, eu teño aquí, a ver se así o entendemos mellor, fágollelo con tres papeliños. Mire, eu teño aquí catro folios, e estes catro folios son seus; imaxinemos que estiveran en branco. E eu dígolle: mire, voulle dar estes catro folios e vostedes debuxe neles o que considere oportuno, ou eu podo darlle un folio, dicirlle, mire, doulle deste folio e vostede, neste folio, vaime pintar un parque, e neste folio vaime pintar unha tubaxe de saneamento, e neste folio vaime pintar un campo de fútbol, e neste folio vaime pintar vostede unha posta de sol. Esa é a explicación a por que este Goberno non dedica un fondo especial. Sabe por que?, porque temos un Plan único que reparte máis de 100 millóns de euros e que lle permite a todos os que estamos aquí sentados decidir en que o queremos gastar. Porque, se nós facemos todos os plans que di vostede, por exemplo, un plan de campos de fútbol, eu que xa teño un campo de fútbol non vou pedir para outro, porque non o necesito; só teño un club que practique ese deporte, pero igual si que necesito para o abastecemento, que, de feito, necesito. Claro, pero, se fago un plan dirixido, quedo sen o campo de fútbol e seguramente no do abastecemento reciba a través dese plan moi pouco. Porque vostedes cando gobernaron esta institución, quere que lle diga de canto era o Plan único –que naquel momento se chamaba POS– que repartían?, de 20 e pico millóns de euros. Quere que lle diga canto repartían en nominativas?, antes que se falaba diso, que porcentaxe supoñía o reparto en nominativas que facían vostedes? Por certo, na última lexislatura do señor Calvo, máis do 90% en concellos do Partido Popular, con respecto aos recursos que se transferían aos concellos desta provincia?, o 27%, o 27%. Un sistema similar al del canon del agua, reparto como me da la gana, con quién me da la gana, y el criterio es el que es.

Entón é curioso que me faga vostede esa pregunta. Todos os concellos desta provincia teñen un mecanismo que se chama Plan único para os que teñan problemas en infraestruturas hidráulicas poder dedicarllo. Polo tanto, que necesidade temos de crear un plan se xa existe un fondo común onde poden coller eses fondos e eses recursos? A diferenza é que nós damos liberdade para que eses concellos prioricen. Non sei se o entendeu co dos folios; se non, explícollo doutra maneira, pero non é moi complexo. É dicir, eu podo darlle os catro folios xuntos ou separados, pero eu, que, en principio, o respecto a vostede e respecto a súa liberdade, déixolle pintar o que queira, non lle dou un folio por separado ata sumar catro para que pinte vostede o que quero eu. Pois esa é a diferenza que temos de concepción dunha Administración pública, sobre todo unha administración que está para apoiar os concellos, que nós os tratamos como maior de idade, e entendemos que cada un deles ten dereito a decidir libremente en que quere investir os recursos que saen, sabe de onde?, dos petos dos veciños e veciñas aos que representamos os que estamos aquí sentados, do seu esforzo a través dos impostos que pagan.

E a diferenza é que vostedes o que queren é coller eses cartos, repartilos como lles dá a gana, dicirlles aos concellos como os teñen que gastar, onde teñen que gastar e despois o resto, que vai ser a inmensa maioría deses recursos, gastalos pola porta de atrás a través de convenios que ninguén coñece e que caen sempre do lado dos seus. Esa é a diferenza entre uns e outros. Loxicamente, como vostede defende unha forma de funcionar desta Administración totalmente diferente á nosa, que é esta que acabo de explicar, pois está en contra deste plan. E por iso vostede, que defende esa forma que para min non é democrática nin xusta de xestionar unha administración, prefire que se fagan plans dirixidos para dicirlles aos concellos en que teñen que gastar. E iso non é xusto, esa diferenza entre vostedes e nós, por iso traemos esta moción e por iso eu, que son pouco optimista en canto a vostedes, aínda que repito que hoxe tamén me sorprendeu, máis que nada polos

argumentos, xa sabía que non a ían votar a favor. Son dúas formas de entender a política, sobre todo as administracións públicas, moi diferentes. Dende logo, a nosa, ao meu parecer e ao de moita xente, moito máis xusta que a súa, e aquí hai alcaldes que o poden dicir, porque con vostedes gobernando aquí recibían moitos menos cartos que estando nós, a pesar de ser doutro partido político diferente. Non pasaba o mesmo cando gobernaba aquí o señor Diego Calvo. Nada máis. Moitas grazas.

Sr. Presidente

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (10 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).
Votan en contra: 14 deputados/as (PP)
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG sobre o canon da auga

O canon da auga, regulado pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia, e o canon da xestión das depuradoras, regulado pola Lei 1/2022, de 12 de xullo, da mellora da xestión do ciclo integral da auga, son tributos propios da Xunta de Galicia de carácter finalista, creados co obxectivo de financiar infraestruturas hidráulicas, mellorar a calidade das masas de auga e garantir unha xestión sostible do ciclo integral da auga.

Estes tributos son recadados a través dos concellos, que actúan como entidades colaboradoras na súa cobranza, asumindo unha función que, na práctica, os converte en intermediarios ante a cidadanía. Porén, unha vez transferidos os fondos á administración autonómica, non existe un mecanismo obxectivo, transparente e proporcional que garanta que os recursos retornan aos territorios nos que se xeran.

A natureza finalista destes canons debería implicar un principio básico de xustiza territorial e corresponsabilidade, asegurando que os concellos nos que se realiza a recadación reciban investimentos proporcionais, ao tempo que se atenden criterios de solidariedade e equilibrio territorial. Non obstante, a realidade evidencia que non existe un modelo público, regulado e transparente de distribución dos fondos, xerando unha percepción crecente de agravio comparativo entre concellos.

A esta necesidade de garantir un reparto máis xusto e transparente dos recursos súmase a crecente presión que está a exercer o cambio climático sobre os sistemas de abastecemento de auga de Galicia.
Durante o pasado verán, numerosos concellos da provincia da Coruña sufriron episodios de escaseza hídrica derivados da diminución das precipitacións, da redución dos caudais dispoñibles e do incremento da demanda asociada ás altas temperaturas e ao aumento estacional da poboación. Esta situación obrigou a distintos municipios a adoptar medidas de restrición ou limitación do consumo de auga potable, afectando tanto aos servizos

municipais como á actividade económica e á vida cotiá da veciñanza.

Estes episodios evidencian a vulnerabilidade de moitos sistemas locais de abastecemento e a necesidade urxente de reforzar os investimentos en captación, almacenamento, potabilización, renovación de redes e mellora da eficiencia hídrica. Nun contexto de emerxencia climática, os recursos obtidos a través do canon da auga deben contribuír tamén a incrementar a resiliencia dos concellos fronte ás secas cada vez máis frecuentes e intensas, garantindo a seguridade hídrica da poboación e a sustentabilidade do abastecemento a medio e longo prazo.

Resulta, polo tanto, especialmente importante que os municipios que realizan un esforzo recadatorio significativo poidan beneficiarse de retornos proporcionais que lles permitan afrontar os investimentos necesarios para adaptar as súas infraestruturas hidráulicas aos efectos do cambio climático e dar resposta aos desafíos que este fenómeno xa está a provocar sobre o territorio.

Existen municipios que, a pesar de realizar unha elevada achega recadadora, non teñen recibido investimentos significativos con cargo a estes canons nos últimos anos, mentres que outros territorios contan cunha presenza reiterada de convenios e actuacións financiadas pola Xunta. Esta situación, unida á práctica habitual de sinatura de convenios bilaterais con determinados concellos, reforza a percepción dun uso discrecional e partidista dos fondos.

Dende os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG entendemos que un tributo finalista non pode converterse nun instrumento de desequilibrio territorial nin nun mecanismo de afinidade política. A distribución dos recursos debe responder a criterios públicos, obxectivos, verificables e equitativos.

Por iso defendemos un modelo de reparto baseado en tres principios: retorno territorial, principio de solidariedade e financiamento do sistema.

Por todo o anteriormente exposto, os grupos asinantes desta moción propoñen a adopción dos seguintes acordos:

1. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a establecer un sistema público, regulado e transparente de distribución do canon da auga, baseado en criterios obxectivos e verificables.

2. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a garantir que, como mínimo, o 50 % da recadación obtida en cada concello reverta en investimentos no propio municipio onde se xera. Destinar un 30 % dos fondos a un mecanismo de solidariedade territorial, orientado prioritariamente a concellos con maiores necesidades en infraestruturas, dispersión poboacional ou limitacións orzamentarias. E reservar como máximo o 20 % da recadación para os custos de xestión, mantemento e funcionamento do sistema autonómico.

3. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a publicar anualmente un informe detallado e desagregado por concellos que inclúa:

- Cantidade recadada en cada municipio.

- Investimentos executados con cargo aos canons.
- Convenios asinados e importes asociados.
- Criterios técnicos utilizados para a asignación de fondos.

4. O Pleno da Deputación Provincial da Coruña insta á Xunta de Galicia a garantir que a asignación de recursos non estea condicionada por criterios partidistas nin por afinidades políticas, senón exclusivamente por parámetros técnicos, ambientais e de necesidade obxectiva.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Pasamos do apartado de rogos. Preguntas.

Sr. Ben Otero

Se me acaba de ocurrir ahora un poco al hilo de lo que he escuchado. Entiendo que en el POS, en el Plan único del año que viene eliminarán ustedes la parte del POS social. Digo esto, que a mí me parece perfecto que haya un POS social. Dicho esto, como los ayuntamientos somos todos mayores de edad, que dediquen del POS lo que quieran y no que esté limitado el POS social a una cantidad, porque, de alguna manera, ese POS social dentro del Plan único es un plan específico. Quiero decir con esto, que a mí me parece perfecto, siempre hemos estado de acuerdo, pero digo que lo valoren para que sean coherentes en sus afirmaciones. POS social?, nosotros estamos a favor de él, por supuesto que sí, pero cuando uno es coherente en lo que dice y en lo que hace tiene que actuar en consecuencia. Nada más, gracias.

Sr. Presidente

Ben, nosoutros cando deseñamos o POS, o Plan único, está baseado no principio de autonomía de decisión dos propios concellos, sen dúbida ningunha, pero permitiranos que poidamos marcar unha bandeira propia deste Goberno provincial, que é precisamente a protección social. E como, ademais diso, todos os concellos teñen unha situación similar no que o gasto social é bastante elevado, pois ao final dedicar parte do POS a financiar ese gasto recorrente que nós consideramos investimento cremos que tampouco altera para nada esa capacidade de decisión.

Sr. Ben Otero

Si a mí me parece perfecto. Pero lo digo como... No sé, a veces tengo la sensación de que son menores de edad los alcaldes o alcaldesas de esta provincia y no saben lo que aportar del POS y del conjunto del Plan único a la parte social. Es decir, los argumentos tienen que ser sostenibles en el tiempo y coherentes para no caer en incoherencias. Nada más. En todo caso, todos estamos de acuerdo en que haya ese POS social. Lo decía para que ajusten sus mensajes a sus acciones, igual que en el reparto de los convenios, etcétera. Gracias.

Sr. Presidente

Máis que axustado.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:08 horas.